

Recadávivas Compilations

Tras deste tempo, tempo vén: a fraseoloxía de Xermade¹

Tras deste tempo, tempo vén: Phraseology from Xermade

Lela Castelo Santaballa

Investigadora independente

<https://orcid.org/0000-0002-5982-1677>

riospar@gmail.com

Alba Quintairos-Soliño²

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades / Universidade de Vigo

<https://orcid.org/0000-0003-0064-1695>

aquisol@cirp.gal

Resumo: Esta recadádica presenta 184 unidades fraseolóxicas recollidas por Lela Castelo Santaballa no concello de Xermade (Lugo) a partir de informantes da zona. Todas elas van acompañadas da definición proposta pola recompiladora e, no caso de que esta difira do sentido orixinal ou máis habitual, tamén inclúen unha segunda definición aportada pola segunda autora a partires de fontes lexicográficas. Así mesmo, sempre que foi posible, engadíronse exemplos de uso, explicacións, variantes, sinónimos, antónimos e equivalencias noutras linguas (español, catalán, inglés, francés, italiano ou portugués, entre outras) obtidos das máis diversas fontes, para dar lugar a unha completa escolma fraseolóxica.

Palabras clave: fraseoloxía galega, paremioloxía galega, fraseoloxía comparada, tradición oral, Xermade.

Abstract: *This compilation consists of 184 phraseological units from Xermade (Lugo, Spain) compiled from informants living in the area by Lela Castelo Santaballa. All of these phraseological units include a definition provided by the compiler. If it differs from the original or common meaning, then a second, prevalent definition, derived from lexicographic resources and provided by the second author has been included. Moreover, whenever possible, examples of use, explanations, alternatives, synonyms, antonyms, and equivalents in other languages (Spanish, Catalan, English, French, Italian*

¹ Data de recepción: 02.09.2021. Data de aceptación: 31.10.2021.

² Co apoio do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

or Portuguese, among others) obtained from many different sources have been added. The aim is to provide a comprehensive phraseological anthology.

Keywords: Galician phraseology, Galician paremiology, comparative phraseology, oral tradition, Xermade.

1. Introducción

Son moitas as recadádivas publicadas en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* centradas nunha zona concreta de Galicia. Así, atopamos, entre moitas outras, *Falares de Boqueixón*, de Ramón Álvarez Losada e Vanessa Fernández Pampín (2017), *Botando unhas liñas no mar do Morrazo*, de Salvador Otero Castro *et al.* (2017), ou *Locucións, fórmulas e paremias do concello das Pontes de García Rodríguez*, de Xosé María López Ferro (2015). Neste traballo, recóllense, por vez primeira, 184 unidades fraseolóxicas (en diante, UF) de Xermade, na provincia de Lugo.

Antes de continuar coa recadádiva, é conveniente establecer o contexto no que se recolleron as UF, isto é, facer unha breve presentación do lugar. O concello de Xermade, pertencente á comarca da Terra Chá, limita ao norte con Muras (Lugo) e As Pontes de García Rodríguez (A Coruña); ao oeste, con Monfero (A Coruña); ao sur, con Guitiriz (Lugo); e, ao leste, con Vilalba (Lugo). Así mesmo, está composto polas parroquias de Burgás, Cabreiros, Candamil, Cazás, Lousada, Miraz, Momán, Piñeiro, Roupar e Xermade³, aínda que, como se pode comprobar neste traballo, a recompiladora Lela Castelo Santaballa fai unha distinción na parroquia de Roupar entre Roupar de Arriba e Roupar de Abaixo. En canto á súa demografía, de acordo co Instituto Nacional de Estadística (INE)⁴, o concello contaba en 2020 cunha poboación de 1783 persoas, das cales 908 eran mulleres e 875, homes. Segundo a mesma fonte, a maior parte das persoas empadroadas no concello a 1 de xaneiro de 2020 tiñan entre 54 e 70 anos, mentres que o Instituto Galego de Estatística (IGE)⁵ indica que a idade media do municipio está nos 55,05 anos. Así mesmo, os datos de afiliacións en alta laboral por sectores recollidos pola Seguridade Social⁶ en setembro de 2021 mostran que o sector económico con máis afiliados é o terciario ou “servizos”, seguido do primario (“Agricultura e pesca”). No tocante ao uso do galego como primeira lingua, os últimos datos por concello publicados polo IGE, recollidos en 2011, mostran que hai unha década en Xermade o 91,83 % da poboación era galegofalante.

Por outra parte, a iniciadora desta compilación é Lela Castelo Santaballa, profesora de secundaria retirada e autora da obra *Loiba na memoria* (2019), quen se encargou de facer a escolma inicial e de proporcionar as definicións e comentarios oportunos. Para recompilar estes datos, Castelo Santaballa entrevistou a nove informantes do municipio de Xermade (táboa 1), os cales teñen entre 71 e 94 anos (agás unha persoa, da que non se

³ Información extraída de <https://www.xermade.org>.

⁴ <https://www.ine.es/>

⁵ https://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?paxina=002003001&c=-1&ruta=fichas%2Fbdmunicipal_tablas.jsp%3FESP%3D27021.

⁶ Poden consultarse estes datos tanto na propia web da Seguridade Social (<https://www.seg-social.es/wps/portal/wss/internet/EstadisticasPresupuestosEstudios>) como no Instituto Galego de Estatística (<https://www.ige.eu/web/index.jsp?idioma=gl>).

dispón esta información); ademais, o 66,67 % son mulleres e as profesións que ocuparon son diversas; emporiso, o 55,55 % dos entrevistados estaba relacionado coa agricultura. En canto ás parroquias ás que pertencen, salientan Roupar de Abaixo e Roupar de Arriba.

Informante	Idade	Profesión	Parroquia
Cabaleiro Ardao, Manuel	86	Agricultor	---
Castro Pena, Aquilino	71	Electricista	Roupar de Abaixo
Chao Ramos, Marina	93	Agricultora	Roupar de Abaixo
Fernández Ramil, Helena	72	Agricultora	---
Gómez Pardo, Marta	---	Farmacéutica	Roupar de Arriba
González Bernardo, Agustín	77	Agricultor	Cazás
Pardo Hermida, María Carmen	79	Administrativa	Roupar de Arriba
Ramil Corral, Nieves	94	Agricultora	---
Souto Prieto, Carmen	80	Costureira	Roupar de Abaixo

Táboa 1. Informantes en Xermade de Lela Castelo Santaballa

Unha vez feita a escolma de UF, a segunda autora converteu o material proporcionado por Castelo Santaballa nunha recadádiva que seguíse a forma e o estilo das publicadas en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*. En primeiro lugar, completou a lista inicial de ditos con material recollido no *Tesouro de Fraseoloxía Galega* (TFG), tesouro desenvolvido polo proxecto de Fraseoloxía Galega do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (en diante, CIRPH), e clasificou as UF segundo a tipoloxía empregada no CIRPH, a cal divide estas unidades en “colocacións, locucións (verbais, substantivas, adxectivas, adverbais e prepositivas), fórmulas, esquemas fraseolóxicos e refráns” (Villar Aira, 2021: 225). É necesario incidir en que esta clasificación é propia do CIRPH e, malia que nalgúns aspectos pode coincidir parcialmente con clasificacións propostas por outros investigadores, como podería ser o caso da de Corpas Pastor (1996), a clasificación establecida polo proxecto de Fraseoloxía Galega deste centro de investigación guíase por criterios propios, tal e como amosan as clasificacións de recadádivas publicadas anteriormente, como é o caso das de Martíns Seixo (2021, 2016) e Rubinos Conde (2013). Como resultado, as UF presentadas nesta escolma son 4 colocacións, 57 locucións, 13 fórmulas e 110 refráns. Isto significa que o 59,78 % do material recollido pertence a este último grupo.

Unha vez clasificada a información e engadidas as definicións proporcionadas pola recompiladora, detectouse que o sentido das UF podería diferir do seu sentido orixinal ou habitual e, por iso, nos casos nos que foi posible tamén se engadiu unha segunda definición, a máis común, xunto coa fonte da que esta se extraeu. De ser posible, incluíronse tamén un ou varios exemplos de uso reais, tomados de fontes moi variadas, como artigos xornalísticos, contos, blogs etc.

Unha novidade respecto das recadádivas anteriores é a inclusión de numerosas variantes e sinónimos con frecuencias de uso variables, así como doutra información que xulgamos de gran relevancia para o lector, como serían as equivalencias noutras linguas. A orixinalidade desta recadádiva reside, precisamente, na introdución desta información suplementaria e, especialmente, das correspondencias noutros idiomas, as cales inclúen —sempre que foi posible— o español, o catalán, o francés, o inglés, o italiano ou o portugués e, en ocasións puntuais, o alemán, o asturiano, o polaco, o éuscaro, o latín, o ruso, o grego, o croata, o chinés, o albanés e o peráleo. Para facilitar a localización de toda esta información adicional, esta preséntase a continuación das definicións e dos exemplos de uso, separada cun cancelo (#).

Por último, as autoras queren agradecer ás e aos informantes que proporcionasen as unidades fraseolóxicas que aquí se recollen, sen as cales este traballo non sería posible.

2. Compendio de unidades fraseolóxicas

2.1. Abreviaturas e símbolos

ALA = Academia de la Llingua Asturiana

ALG = *Atlas Lingüístico Galego*

col. = colocación

loc. adx. = locución adxectiva

loc. adv. = locución adverbial

loc. subst. = locución substantiva

loc. v. = locución verbal

DDP = *Diccionario Dialectal Peráleo*

DGLA = *Diccionario General de la Lengua Asturiana*

DRAE = *Diccionario de la Real Academia Española*

DRAG = *Diccionario da Real Academia Galega*

DS21 = *Diccionario fraseolóxico Século 21 castelán-galego e de correspondencia galego-castelán*

fórm. = fórmula

GDAS = *Gran diccionario del argot el Sohez*

JG = *Jergozo*

LCS = Lela Castelo Santaballa

M-PTB = *Michaelis. Moderno dicionário brasileiro da língua portuguesa*

PCCD = *Paremiologia Catalana Comparada Digital* de Víctor Pàmies i Riudor

PdP = Portal das Palabras

PRLOP-N = *Proxecto de recollida, difusión e reelaboración da literatura oral popular no Concello de Narón*

RC = Refranero castellano

ref. = refrán

RG = *Refraneiro galego* de Pilar Mera Rico

RM-CVC = *Refranero multilingüe* do Centro Virtual Cervantes

TB = *TuBabel*

TFG = *Tesouro de Fraseoloxía Galega*

* = palabra incorrecta en galego

= información adicional

2.2. Colocacións

2.2.1. Colocacións substantivas

1. **boa ceifa.** col. 1. Bo día para sementar (LCS). 2. Esfuerzo que comporta a realización dun labor (DRAG). *Hoxe levei unha boa ceifa; estiveron segando todo o día* (DRAG). / *Previu unha boa ceifa de oliva e arrendou tódalas almazaras para prensar o aceite* (Ventoso Mariño e Fernández, 2007: 118). # Sinónimos: “boa coza”, “boa malleira”, “vaia tralla”, “vaia tunda”, “vaia xeira”. Castelán: *tute; menudo tute* (DS21).
2. **castaña zocha.** col. 1. Castaña baleira (LCS). 2. Castaña pequena, beleca (ALG). # Sinónimos: agroño, belleca, belleco, billarca, billeco, boleca,

bolécara, bolécaro, boleco, bolécara, boleca, bolerca, bolleca, brouquelo, buleco, bulerca, cacavela, caguenlla, calvilela, caroucón, carroucho, castaña, castaña brava, castaña cativa, castaña dos cochós, castaña menuda, castaña miúda, castaña mixirica, castaña pequena, castaña pequeniña, castaña piqueniña, castaña piquiniña, castaña ruín, castaña ruinzaca, castaña ruiña, castañía, corolo pequeno, corouco, crouco, foleca, folécara, foleca, folerca, folerpa, gullerpa, molécara, molecra, moñecra, muñecrona, pasmada, pezoilla, pregona, zoncho.

2.2.2. Colocacións verbais

3. **andar a túmbelos.** col. Andar a trompicons.
4. **darlle un golpe (a alguén ou a algo) e aseguralo.** col. Asegurarse de que unha persoa ou un animal están mortos.

2.3. Locucións

2.3.1. Locucións substantivas

5. **mal roxo.** loc. subst. Murnas que lles saen aos porcos no lombo. *O mal roxo está ocasionado por unha bacteria denominada Erisipela* (ASOPORCEL, 2018). / *Foise para a casa convencido de que o paciente tiña o mal roxo* (Morán Fraga, 2008)⁷.
6. **médico de entre os toxos.** loc. subst. Médico sen licenza.

⁷ O exemplo está extraído dun artigo de Morán Fraga sobre a obra de Vicente Risco *O porco de pé* (1928). Nótese como Risco enfatiza a comparación do protagonista, Don Celidonio, cun porco ao facer que padeza o *mal roxo*, enfermidade propia destes animais.

2.3.2. Locucións verbais

7. **andar á crisalta.** loc. v. Andar moceando.
8. **andar en dixomedixomes e pataqueiradas.** loc. v. Darlle moitas voltas ás cousas; falar moito e non dicir nada de proveito. *Falar por non estar calados. Dixomedixomes e pataqueiradas* (Pérez, 2012).
9. **botar herba os campos.** loc. v. Pasar moito tempo.
10. **cantar o carro como un asubío.** loc. v. Ir un carro moi cargado. # Antigamente, era importante que o carro cantase porque indicaba que ía moi cargado, algo que se recolle na seguinte cantiga popular: *Se queres que o carro cante / mételle o eixo no río, / que despois de ben mollado / canta como un asubío*. A cantiga foi recompilada por Castelo Santaballa en Xermade, pero tamén é coñecida noutros concellos galegos, como Chantada, Boqueixón, Avión ou Lobios, entre outros. Para máis información, pódense consultar as seguintes fontes: Álvarez Losada e Fernández Pampín (2017: 198), Cid Babarro (2008: 47), Martins Seixo (2021: 180), Fernández Senra e Fernández Senra (1997: 65, 161), o Consello da Cultura Galega (2010), Lorenzo Fernández (1973: 146) ou a asociación cultural chantadina Folión de Carros (2021).
11. **casar pola la.** loc. v. Casar cunha persoa polos cartos. *Non casou pola ovella, que casou pola la*.
12. **chegar a onde a porca retorceu o rabo.** loc. v. Atopar dificultades. # En portugués, emprégase *A porca torce o rabo* para sinalar a parte máis importante ou difícil de algo: *Mexer sempre (sempre!) com uma colher de culinária até chegar ao ponto. E é aqui que a porca torce o rabo!* (Priberam).
13. **chova que neve.** loc. v. Pase o que pase. *Penso facer esa viaxe, chova que neve* (LCS, DRAG).
14. **chover a chuzos.** loc. v. Chover moito. *Está caendo auga a chuzos* (LCS, DRAG). # Sinónimos de *a chuzos*: “a cachón”, “a caldeiros”, “a cántaros”, “a mares”, “a retortoiro” ou “a xerros”.
15. **choverlle a alguén na cabeza.** loc. v. Ser unha persoa pouco intelixente; ter poucas luces. *¿*Pero como que quere ir á Policía para que o meta un par de días no cagarrón e vivir así unha nova experiencia? A este chóvelle na cabeza e ó carallo!* (Pena Romay, 2021a) / *A ese chóvelle na cabeza, non razoa* (Domínguez Rial, 2011). # O DRAG inclúe a forma *Choverlle (a alguén)* co sentido de “faltarlle xuízo”: *A ese rapaz chóvelle un pouco*.
16. **chover sobre mollado.** loc. v. 1. Suceder dúas desgrazas seguidas (LCS). *Chove sobre mollado na ilustración: a crise da COVID-19 impacta forte nun sector moi afectado pola precariedade* (Hermida, 2020). / *Co tema da pesca chove sobre mollado: xa son moitas as calamidades e o estado non se ve que se mova* (Martins Seixo, 2000: 51) / *Reaccionou violentamente porque xa lle dera un desprante e chovía sobre mollado* (DRAG). 2. Non achegar nada novo (DRAG). *Non é aceptable que os líderes de opinión da diabetes sigan chovendo sobre mollado*.
17. **curar como un naipe.** loc. v. Curar moi ben.
18. **dar a xente.** loc. v. Avisar dunha visita.

19. **darlle ao lisco**. loc. v. Darlle á lingua; falar moito. # A orixe está na similitude da forma do lisco do touciño coa da lingua.
20. **deixar a pola**. loc. v. Deixar un traballo sen rematar.
21. **desfacerlle os niños aos lagartos**. loc. v. Remexer na terra arreo sen facer nada.
22. **destetar aos nenos**. loc. v. Ser unha persoa moi fea. *Persoa que desteta aos nenos*.
23. **envolverse nela**. loc. v. Comezar unha relación sentimental con alguén.
24. **estar cagando mistos**. loc. v. Estar unha persoa engurruñada co frío. # En castelán, existen os equivalentes *pelarse de frío* ou *cagarse de frío* (GDAS). Por outra parte, o DDP sinala que en perâleo a expresión “ilse cagando/echando mistos” ten o sentido de “irse de forma apresurada”: *No sé qué l’habrá pasao, pero ha salío echando mistos con el coche pa la parcela*. Esta acepción ten como sinónimos: “Salil cagando/echando mistos”, “salil a escape”, “como perro que masca limones”. Con este mesmo sentido, atopamos en castelán as expresións *cagando/echando leches* (GDAS, DLE), *echando mistos* (JG), *a todo trapo* (JG), *a toda hostia* (JG), *a toda castaña* (JG) e, no castelán de Murcia, *a pijo sacao* (TB).
25. **estar de ringo rango**. loc. v. Ter a menstruación. *Eu pedinllo a unha nena / e ela dixome chorando: / esta semana non podo / porque estou de ringo rango* (Cantiga popular). # Indica Montero (1981: 208) na súa obra *El eufemismo en Galicia* que a menstruación como *indisposición* “pode entre mulleres adoptar un aire máis desenfadado e manifestarse en razón a circunstancias moi diversas”, incluíndo: “andar d(e) arrieiro”, “andar coa tía María”, “andar co señorito”, “chegar o San Juan”, “vir Pepito Corchea”, “l’arribo del marchese” (en italiano), “andar com o senhor D. Miguel” ou “a tia Francisca” (ambos en portugués) e “andar de ringo rango”.
26. **facер (algo) na arte do demo**. loc. v. Facer algo moi axiña. *¡Fíxoo na arte do demo! Cando nos decatamos xa rematara a talla* (López Ferro, 2015: 161).
27. **facер unha trasnada**. loc. v. Manter relacións sexuais. *Unha vella e mais un vello / fixeron unha trasnada e / aló pola media noite / quedáronse na estacada* (Cantiga popular).
28. **inchar como un sapo**. loc. v. Aparentar ser máis do que se é; fachendeар.
29. **meter ao trillo**. loc. v. Estrear; dar uso. # O trillo é un “trebello para mazar o liño que consta de dúas especies de grellas de paus afiados por entre os que se pasan os feixes de liño” (DRAG).
30. **non estar o *alcacer para gaitas**. loc. v. Non estar a situación para festas. # A expresión normativa é “Non estar o alcacén para gaitas”. *Será mellor non lle dicires ao teu pai que che roubaron a moto, que arestora non che está o alcacén para gaitas* (Martins Seixo, 2000: 17).
31. **non levar nada nos ollos**. loc. v. Non envexarlle nada a alguén.
32. **non ser a chave das nocес**. loc. v. Non saber todo (LCS). # Pena Romay (2021b) sinala que a expresión afirmativa —“ser a chave das nocес”— fai referencia á “persoa ou grupo que máis manda dentro dunha colectividade ou que ten o poder de decisión sobre un

- determinado asunto”: *Por cuestións de tipo legal, é Fabián quen figura nos papeis, pero quen de certo é aí a chave das noces é a súa muller*. Sinónimos: “ter a chave das noces”, “ter a chave da arca”, “tallar/cortar/partir o bacallau”, “poñerlles o rabo ás cereixas”, “cortar a castaña”, “marcar os días santos”, “rexer/gobernar/dirixir o cotarro”, “ter o goberno”, “ter vara alta”, “ter a vara e (mais) a besta”, “ser o amo do nabal”, “ser o amo do curral”, “facer e desfacer”, “atar e desatar” e “picar e tallar”. En determinados contextos, tamén son sinónimos “levar o leme/temón”, “levar a batuta”, “levar a voz cantante”, “marcar a pauta/voga” e “marcar o compás/paso”.
33. **nunca faltar unha legua de mal camiño**. loc. v. Haber sempre problemas. *Nunca che falta unha legua de mal camiño*. # Álvarez LUGRÍS (1997: 108) e Conde TARRÍO (2001: 175) recollen as seguintes expresións sinónimas: “no mellor carreiro nunca falta algún lameiro”, “o mellor sendeiro ten o seu bulleiro”, “non hai carne sen óso”, “non hai mel sen fel”, “non hai rosas sen espiñas”, “non hai sardiña sen espiña”, “non se pescan as troitas coas bragas enxoiadas” e “non se pode guiar ben o carro se non se tripa o barro”; tamén presentan equivalentes noutras linguas: en castelán, “por doquiera hay su legua de mal camino”, “en cada legua hay un pedazo de mal camino”, “a cada cabo hay tres leguas de mal quebranto”, “no hay camino tan llano que no tenga algún tropezón o barranco”; en inglés, “every path has a puddle”; e, en francés, “en tout pays, il y a (il y a partout) une lieue de mauvais (méchant) chemin”.
34. **perder os tóteles**. loc. v. Perder a habilidade de facer algo.
35. **quebrar o cantariño**. loc. v. Perder a virxindade. *Mariquiña foi á fonte; / moito tarda, que non vén: / ou quebrou o cantariño / ou se namorou de alguén* (Cantiga popular recollida en Xermade por LCS). // *Miña nai mandoume á fonte / pola forza da calor / e quebrei o cantariño / pensando no meu amor* (Cantiga popular recollida por Lorenzo Fernández, 1973: 99).
36. **quedar(se) na estacada**. loc. v. Non rematar o que se estaba a facer. *Unha vella e mais un vello / fixeron unha trasnada e / aló pola media noite / quedáronse na estacada* (Cantiga popular). # O DRAG recolle a unidade fraseolóxica “deixar na estacada” co sentido de “Abandonar [a alguén] ante unha situación de dificultade ou perigo”. *Se fose un bo amigo, non te deixaría na estacada*. Para esta acepción, o DS21 ofrece os sinónimos “deixar chantado”, “deixar colgado”, “deixar plantado” e o castelán “dejar en la estacada”.
37. **quitarlle a un santo para vestir a outro**. loc. v. Quitarlle algo a alguén que xa tiña pouco para darllo a outro que tamén ten pouco. # Existen diversas variantes desta expresión. O RM-CVC e o DS21 inclúen “desvestir un santo para vestir outro”, “quitarllo a un santo para darllo a outro é cousa do demo”, “espir un santo para vestir outro”, “quitarllo a un santo para darllo a outro parece consello do diaño”, “quitarlle a roupa a un santo para poñerlla a outro” e o sinónimo “descubrir un altar para cubrir outro é(che) cousa de loucos”. En castelán, “desvestir un santo para vestir a otro”

ou “hacer un hoyo para tapar otro”. En portugués, “descobrir um santo para cobrir outro” e os equivalentes “despir um santo para vestir outro” e “desvestir um santo para vestir outro” (M-PTB). En francés, “deshabiller Saint Pierre pour habiller Saint Paul” ou “découvrir Saint Pierre pour couvrir Saint Paul”. En catalán, “despullar un sant per vestir-ne un altre” e “desparar un altar per parar-ne un altre”. En inglés, “rob Peter to pay Paul” e a variante “to rob Peter and pay Paul”. Na mesma liña, en alemán dise “Man soll nicht dem Peter nehmen und dem Paul geben”, é dicir, “non se lle debe quitar a Pedro para darllo a Pablo”. En italiano, atopamos “scoprire un altare per ricoprirne un altro”. O éuscaro conta coa expresión “asto bati buztana ken, besteari ezar”, que quere dicir “quitarlle o rabo a un burro e poñerllo a outro”. En canto ao grego, presenta as UF “Παίρνει απ’ το Χριστό να δώσει στην Παναγία” (“tomar de Xesucristo para darllo a María”) e “Εκανε (μια) τρύπα στο νερό” (“facer buracos na auga”). Pola súa parte, o chinés conta coa expresión 拆东墙, 补西墙 (*Chāi dōng qiáng, bǔ xī qiáng*), co significado de “desfacer a parede do leste para reparar a do oeste”. Finalmente, en latín, *alium spoliat, um alium ditet* (“despoxar a un para enriquecer ao outro”).

38. **regalar os ollos.** loc. v. Abrir moito os ollos. *Regalou os ollos co susto* (LCS, DRAG).
39. **saber ben con que bois se ara.** loc. v. Saber en quen pode confiar unha

2.3.3. Locucións adxectivas

49. **(estar) coma un chourizo nun carabullo.** loc. adx. Estar unha persoa moi aburrida.

persoa. *Como xa sei con que bois aro, non che me sorprenderon nada as súas declaracións* (Martins Seixo, 2000: 29)

40. **soñar o cocho co farelo.** loc. v. Expresión de rexeitamento cara algo considerado inverosímil ou utópico. *Soñou o cocho co farelo!*
41. **ter a barriga no espiñazo.** loc. v. Estar moi delgada unha persoa. # De acordo co DRAE, a expresión *tener alguien la barriga pegada al espinazo* é de uso común en Cuba, Nicaragua e Venezuela, mais co significado de ter moita fame.
42. **ter máis que dicir o que caga na cama que o que a lava.** loc. v. Dise cando a persoa que fixo algún mal quere ter máis razón que a vítima.
43. **ter o demo ao lombo e o inferno, á porta.** loc. v. Ter varios problemas.
44. **ter o peto quente.** loc. v. Ser unha persoa rica.
45. **traer o cuco.** loc. v. Ser o último en casar. *Este ano quen trouxo o cuco?*
46. **ver a señora.** loc. v. Visitar á amante. *Esta miña escopetiña / éche a miña encubridora; / dinme que veño de caza / e veño de ver a señora* (Cantiga popular; recompilada en Xermade por LCS).
47. **verter no río.** loc. v. Contar mentiras. # A locución completa é “verter no río coma un cesto vello”, tal e como recolle Luaces Pardo (2014: 443). *Fulano verte no río coma un cesto vello.*
48. **volverse ovella.** loc. v. Facer parvadas.

50. **(estar) como a gaita na festa.** loc. adx. Estar sempre presente. # Outras fontes, como Ferro Ruibal (2006:

257), Pensado Tomé (1958: 450) e Abuín Soto (1971: 191), establecen que o significado desta locución é o de “estar na boca da xente” ou “ter sona”: *A Sabela encargouse de contar os amores da irmá, pois os Doncos, en tocante a segredos, eran como a gaita na festa* (Otero Pedrayo, 1990: 306). Sinónimos: “coñecer [algo] como a ruda”, “ser máis coñecido cá ruda”. En castelán, “ser traído en linguas” ou “andar como la gaita en la fiesta”.

51. **(estar) como galiña no espeto.** loc. adx. Estar unha persoa nerviosa e intranquila.
52. **(estar) (unha persoa) atrentada de frío.** loc. adx. Estar unha persoa rixida de frío; ter moito frío.
53. **(estar) (unha persoa) tan gorda como o can pola testa.** loc. adx. Estar unha persoa moi delgada.
54. **(estar) (unha persoa) tan gorda que rebincha.** loc. adx. Dise dunha persoa que está moi gorda. # O verbo *rebinchar* está recollido no *Vocabulario galego-castelán* de Franco Grande (1982: 284) co sentido de “reventar ou fender un froito”, o que explicaría a comparación.
55. **(ser) como a xesta varredoirá.** loc. adx. Ser moi eficaz. # No *Cancioneiro da agulla* de Cotarelo Valledor (1984: 87) inclúese unha cantiga popular na que a “xesta varredoirá”, mais que eficaz, é un símbolo de castigo: *Mala xesta varredoirá / veña polas*

2.3.4. Locucións adverbiais

60. **á xunta da noite.** loc. adv. Case de noite. *Chegaron á xunta da noite* (LCS, DRAG).
61. **coma quen ve chover.** loc. adv. Non facer caso; non inmutarse; sen darlle importancia a algo. *O Caetano, que*

costureiras, / porque comen as amoras / e destragan as silveiras.

56. **(ser) (algo) máis duro que a Pena de Corbal.** loc. adx. Moi resistente (TFG). # A Pena de Corbal está en Cazás (Xermade).
57. **(ser) (un acontecemento) máis longo que un día de maio.** loc. adx. Dise cando o tempo rende moito. # Martíns Seixo (2000) recolle, co sentido de “longo”, mais aplicado a persoas, a locución “longo/a coma un maio longo”: *Ten un fillo longo coma o maio longo*. Tamén inclúe, co significado de “persoa moi alta”, “máis grande ca un día de maio” (*Tes un rapaz máis grande ca un día de maio*) e, co de “moi longo/a; moi alto/a; moi grande”, “longo/grande como un día sen pan”. No ALG, atopamos tamén “longo como un día de maio sen pan”.
58. **(ser) (unha persoa) máis grande ca un día sen pan.** loc. adx. Ser unha persoa moi alta. *Non sei a quen sae ese rapaz, é grande como un día sen pan* (Martíns Seixo, 2000: 68). # Véxase a UF 57.
59. **(ser) (unha persoa) tan festexeira como a cadela de Peleteiro.** loc. adx. Dise dunha persoa á que lle gusta ir ás festas. # A orixe está na “cadela de Peleteiro”, que ía onde tiraban foguetes porque sabía que, se había festa, tamén habería comida.

coñecía á gardesa de toda a vida, facía coma quen ve chover, andando pola corredoira sen parar a saudar (Ayán, 2010). # Maceira Rodríguez (1997: 13) defínea como “non prestar atención” e engade os seguintes sinónimos en

portugués: “não ligar” e “entrar por um ouvido e sair pelo outro”. Sinónimos:

“como quen oe chover” (DRAG); “como se cantase un carro” (PdP).

2.4. Fórmulas

62. **Aí che vai canto Marta fiou!** fórm. Ser todo canto hai (LCS). # Expresión de orixe portuguesa que se emprega, nesta lingua, para indicar que os esforzos para acadar algo foron en van (por exemplo, cando se desfai algo que se estaba a facer ou se frustra un desexo): “Lá se foi tudo quanto Marta fiou!”; “Lá se vai quanto Marta fiou!” (Santos Neves, 2016).
63. **Ai, *Dios, que mal te me pos e, cando querías, que ben te poñías!** fórm. Non ter ganas de manter relacións sexuais nese momento.
64. **Aínda ha chover e facer sol.** fórm. Ter que pasar moito tempo entre dous sucesos.
65. **Ánimo, tripas, que hai un corno a cocer!** fórm. Fórmula de ánimo para volver ao traballo despois de facer un descanso. # Esta expresión era empregada polos cavadores despois de facer un descanso.
66. **Darei unha misa de balde (cando sexa frade).** fórm. Estar agradecido a alguén. *Xa che darei unha misa de balde cando sexa frade.*
67. **Deus che dea que dar e que ter.** fórm. Fórmula que expresa agradecemento cara outra persoa. # No PRLOP-N, inclúense varios fraseoloxismos proporcionados pola informante Isabel Vizoso Castro, nada en O Ponto (Narón), entre os que se atopa **Dios che dea que dar e que ter para que a xente te veña ver.*
68. **Encima de mel, filloas.** fórm. 1. Suceder unha desgraza despois de outra (LCS). 2. Algo que sae ao revés continuamente (Veiga Díaz, 1996). #

De acordo con Veiga Díaz (1996: 91), é sinónima de *acábate pobre e vende a camisa*, mais, de cambiar a orde dos elementos (“mel sobre filloas”), adquire un significado oposto, positivo, similar ao de *miel sobre hojuelas* en castelán. Por outra parte, o RM-CVC presenta os seguintes sinónimos: *enriba de cornos, paus; enriba de paus, cornos; enriba de burro, apaleado* ou *por enriba de caldo, sopas*. Noutras linguas, destacamos *tras cornudo, apaleado* [ES], *ésser cornut i pagar el beure* (“ser cornudo e pagar a bebida”) [CAT]; *cocu et battu* (“cornudo e mallado”) [FR]; *damnum sequitur ludibrium* (“ao dano séguelle o escarnio”) [LAT]; *tras apedreado choven pedras* (“tras ser apedrado, choven pedras”) [PT] e *em cima de queda, coice* (“enriba de caer, un couce”) [PT].

69. **Moi alta vin voar unha pomba mensaxeira e logo vina baixar máis humilde ca terra.** fórm. Fachendear ou ser orgulloso non serve de nada.
70. **Non cuspas para o ceo, que che cae na cara.** fórm. É mellor non falar mal de alguén porque podería pasarlle o mesmo a un tamén. # Ferro Ruibal (2006: 15) destaca as seguintes variantes: “Non cuspas pró ceo, que che cae na cara”, “Non cupas ó aire, que che cae na boca”, “Contra o ceo nunca cuspas, que á cara che ha de caer”, “Contra (d)o ceo non cuspas, que na cara ten de che caer”, “O que cuspe ó aire, na cara lle cai”, “Cuspín o ceo e caíume na cara”, “O que alto cuspe á cara se lle volve”, “O que

cuspe arriba cáelle na cara” ou “O que mal cuspe, en si o ve”. Pola súa parte, Conde Tarrío (2001: 90) engade “Quen ó ceo cospe, a cara lixa”, así como o sinónimo “Quen mexa contra o vento, molla, se cadra, os calzóns” e as seguintes equivalencias en español e francés: *El que al cielo escupe, en la cara le cae* e *Quien piedra al alto echa, cáele en la cabeza*, por un lado, e, polo outro, *Qui crache contre le ciel, il lui tombe sur la tête*; *Qui crache en l'air, reçoit le crachat sur soi* e *À pisser contre le vent, on mouille sa chemise*.

71. **Por min, que chova.** fórm. Dar igual algo. *No que a min respecta, por min,*

2.5. Refrás

75. **A boa vida fai á moza garrida.** ref. A muller que leva unha boa vida sempre parece máis guapa. # O RM-CVC presenta as seguintes variantes: “o andar ben vestida fai á moza garrida” e “boa roupa e boa vida fan á vella garrida”. Sinónimos: “composta non hai muller fea”, “compón un cepo e semellará un mancebo”, “unha boa capa todo o tapa” e “o hábito fai ao monxe”. Antónimos: “*Anque a mona se vista de seda, mona se queda” e “O hábito non fai ao monxe”.
76. **Abril frío e fornos quentes, alegría para os meus dentes.** ref. 1. Non importa o frío se hai comida quente (LCS). 2. Xerar expectativas de comer ben (Ferro Ruibal, 2010: 77).
77. **A filla da cabra, cabra é.** ref. Un non se pode librar dos xenes. # Variantes recollidas no RM-CVC: “A filla da cabra, que ha de ser senón cabrita?”, “Ao fillo da cabra cabrito lle chaman”, “O fillo do lobo lobiño é”, “O fillo da cabra cabrito é”, “O fillo da cabra cabritiño é”, “O fillo da cabra ha de

que chova, que boa falla vai facendo (Conde, 2017).

72. **Ti, que es tinto, e eu, que son branco, lévate o demo por este barranco.** fórm. Fórmula que se emprega nos brindes.
73. **Vén o raído da ovella.** fórm. Cando deixa de chover un pouco e está a piques de poñerse o sol, é o momento de ceibar as ovellas.
74. **Xa choveu.** fórm. Hai moito tempo. *Non o vexo dende que iamos xuntos á escola, e xa choveu desde aquela* (Martíns Seixo, 2000: 51) / *Diso xa choveu* (DRAG).

ser cabrito”, “O fillo da cabra cabrito ha de ser”, “O fillo da cabra cabrito se chama” e “O fillo da cabra, ou cabrito ou castrón”. Sinónimos: “De tales pais, tales fillos”, “De tal pau, tal racha”, “De tal xente, tal semente”, “A uso da igrexa catedral, tal serán os fillos cal foron os pais”, “(De) tales terras, tales nabos” e “Ou nas mans ou nos pés has de imitar a quen es”. Antónimo: “De pai santo, fillo diaño”.

78. **A muller e a estopa, vén o vento e sopra.** ref. A muller é superficial e ten “pouco peso”. # Variantes recollidas no RM-CVC: “O home é lume e a muller é estopa: vén o demo e sopra”, “O home é fogo e a muller, estopa: vén o diaño e sopra” e “A muller é fogo; o home, estopa: vén o demo e sopra”. Sinónimos: “A estopa onde o lume acénde a demo”, “O lume a carón da estopa, vén o diaño e sopra” e “A neve onde o fogo derrétese logo”.
79. **A muller e a sardiña, pola máis pequeniña; *y, dando vuelta a la hoja, mujer alta y garbosa.** ref. 1.

As mulleres e os animais de tamaño pequeno son máis apreciados que os de maior tamaño. Ademais, engádesse unha segunda parte a este refrán na que se indica que, de ser alta a muller, esta debe ter boa presenza (LCS). 2. Eloxio das mulleres miúdas, pequeniñas, moi apreciadas coma as xoubiñas e por seren traballadoras (Guerra Otero, 2021). # Variantes recollidas no RM-CVC: “A muller e a sardiña, pequeniña”, “A muller e a galiña, pequeniña”, “A muller e a sardiña, a máis pequeniña”, “A muller e a sardiña, escolle a máis pequeniña”, “A muller e a sardiña, canto máis pequena, máis fina”, “A muller e a sardiña, canto máis pequeniña, máis bonitiña”. // Outras variantes: “A muller e a sardiña, por pequeniña” (Taboada Chivite, 2000: 40); “A muller e a sardiña canto máis pequena máis *saladiña/sabrosiña” (Taboada Chivite, 2000: 56) e “A muller e a sardiña pola máis pequeniña, mentres a grande se baixa a pequena varre a cociña” (Guerra Otero, 2021).

80. **A muller limpa e composta saca ao home doutra porta.** ref. A muller que se coida evita que o home se vaia con outra. # Variantes: “Muller composta saca ao marido da porta”, “Muller composta saca o marido doutra porta” (Taboada Chivite, 2000); “A muller composta ao seu home arreda doutra porta”, “A casada ben composta quita o seu home doutra porta”, “A muller limpa e composta o seu home quita doutra porta” (RM-CVC). En español, “La mujer compuesta a su marido quita de puerta ajena”. En alemán, “Eine geschmückte Frau wahrt den Mann vor fremder Schau” (lit.: “Una

mujer engalanada guarda a su marido de contemplar a otras”). En catalán, “La dona ben composta trau l’home d’una porta” (é dicir, “La mujer bien compuesta saca al hombre de una puerta”). En polaco, “Kiedy żona kokietka, mąż zawsze prześlepi” (lit., “Cando a muller é coqueta, o marido quedará cego cara as demais”).

81. **A neve febreiriña dura tanto como a mala veciña.** ref. Neve que non dura moito e de pouca importancia. # Variantes: “Tanto dura a mala veciña como a neve *ferbeiriña” (localizado en Baños de Molgas e en Baralla, de acordo con ParemioRom); “Dura máis a mala veciña que a neve marcelina” (localizado en Montederramo, segundo ParemioRom); “Así che dure a mala veciña como a neve marceliña” (Taboada Chivite, 2000: 66).
82. **A neve febreiriña pícaa a galiña.** ref. Neve de pouca importancia. # ParemioRom sitúa esta variante en A Pastoriza (Lugo) e, así mesmo, recolle a variante “a neve febreiriña cómea a galiña”, localizada en Triacastela (Lugo).
83. **Antes do corenta de maio non quites o saio e, se volve a chover, vólveo a poñer.** ref. O mal tempo dura moito. # Variantes segundo o RM-CVC: “Ata o corenta de maio non quites o saio e se eres de Lugo ata o trinta de xuño”, “Ata o corenta de maio non cambies o saio”, “Ata o corenta de maio non afroxos o saio”. Sinónimo: “Ata San Xoán non quites o gabán”. En catalán: “Fins a setanta d’abril no et llevis un fil” (lit.: “Ata o setenta de abril non te quites un fio”). En francés: “En avril, ne te découvre pas d’un fil” (“En abril, non te quites un fio”). En polaco, “Bywać

- i śnieg w maju” (isto é, “e a neve pode caer en maio”). En croata, “Ne svlači zimski halj, dok ne dođe/prođe mjesec maj” (lit.: “Non quites o saio de inverno ata que chegue/pase maio”).
84. **A onde irás boi que non ares!** ref. 1. Dise para indicarlle a unha persoa que, se a tratan mal nun lugar, tamén a tratarán mal noutros sitios (LCS). 2. Onde queira que vaíamos de seguro que teremos que traballar, e moito, coma en todos os sitios (Rubinos Conde, 2013). *Con certeza que vas cobrar un pouco máis, con todo, non penses que vai ser máis fácil: xa din “a onde irás boi que non ares”.*
85. **Aos cans de ladrar e á xente de falar, non hai quen lles poida quitar.** ref. É difícil perder un costume ou deixar un vicio.
86. **Arriba pernas, arriba zancas, que neste mundo non hai máis que trampas.** ref. Hai que ter coidado cos enganos e as trampas do mundo. # Na súa investigación, Barrio Alonso (2004: 339-340) sinala que nos atopamos ante unha cantiga propia de Galicia e Asturias que forma parte dun conto e que acabou separada del sen manter xa “ningún tipo de relación” coa narración orixinal. A autora recolle as seguintes versións, tanto en galego e asturiano como en castelán: “Arriba pernas, arriba zancas, que neste mundo non hai senón trampas”, “Para qué os quiero, zancas, que en este puñetero mundo no hay más que trampas”, “¡Arriba patas y arriba zancas, que en este mundo todo son trampas!”, “Arriba pernas – arriba zancas, / que n’este mundo – no hai sinón trampas; / ¡Ai! Meus peñños - ¡Ai! Meus peás, / si non fórades vós - comíanm’os cas” e “¡Arriba, piernas; / arriba, zancas! / En este mundo / todas son trampas”.
87. **As augas de San Xoán quitan viño e non dan pan.** ref. As chuvias na época do san Xoán son malas para a agricultura. # Variantes: “A auga de San Xoán tolle o viño e non dá pan” (DiGalego); “A auga polo San Xoán tolle o viño e non dá pan” (RG).
88. **Auga parada está *envenenada; auga corrente non mata a xente.** ref. Sempre é mellor a auga que corre. # O RM-CVC recolle a variante “Auga corrente non mata a xente; auga estancada está envelenada” e o sinónimo “Auga corrente non mata a xente; auga parada, toda a mata”, aínda que é máis común atopar o refrán dividido en dous: por un lado, estaría *Auga parada está envelenada*, xunto co sinónimo “Auga parada, xente matada”; polo outro, *auga corrente non mata a xente*, cos sinónimos “Auga que corre non mata o home”, “Auga corrediza non leva malicia”, “Auga corrente merda non consente” e “Auga que corre nunca mal colle”.
89. **Bocado comido non fai o amigo.** ref. Ás veces, as boas accións non teñen recompensa. # Variante: “Bocado comido xa non fai o amigo” (DiGalego). En asturiano, “bocáu comíu nun fai amigo” (RM-CVC) e “bucáu comíu ñon gana amigo” (DGLA). En castelán, “bocado comido no gana amigo” (RM-CVC).
90. **Burro grande, ande ou non ande; e o pequeno anda de medo.** ref. Dise cando se quere cuestionar a elección dunha cousa polo seu tamaño, en lugar de pola súa calidade. # Para a primeira parte do refrán, existen as variantes “Besta grande ande ou non ande”,

- “Barco grande ande ou non ande”, “Ande ou non ande, burro grande” e “Ande ou non ande, besta grande” e o sinónimo “Boi grande are ou non are”. En castelán, “caballo grande, ande o no ande”. En catalán, “ase per ase, ase gros” (lit.: “asno por asno, asno grande”). En inglés, “the bigger the better” (lit.: “canto máis grande mellor”). En italiano, “cavallo grande, cammini o non cammini” (lit.: “cabalo grande, ande ou non ande”).
91. **Burro morto, cebada ao rabo.** ref. Dise para indicar que a morte de alguén non causa moita perda. # Sinónimos: “Ao boi morto, agárralle o corno”, “Á casa queimada, acudirlle con auga”, “Á muller casada, nunca noivo lle falta”, “Tarde vén o raposo pola galiña!” (RM-CVC).
92. **Cabra que estás na pena, o que por outro oes por ti o espera.** ref. As persoas que critican a outras tamén te criticarán a ti.
93. **Caga o rei, caga o papa e de cagar ninguén pasa.** ref. Poder igualitario das funcións corporais. # O PCCD presenta 25 recurrencias de 20 variantes do refrán catalán *Caga el Rei i caga el Papa i de cagar ningú se n’escapa*.
94. **Caldo de todos, nin o demo o come.** ref. Cando todos queren ter razón, non se chega a acordos.
95. **Can fraco, todo son pulgas.** ref. As desgrazas cébanse con quen xa estaba mal. # Variantes recollidas no RM-CVC: “O can fraco todo é carrachas”; “ao can fraco cómeno as pulgas”, “á ovella fraca nunca lle falta sarna”; “a cadelo fraco todo son pulgas”. Sinónimos: “Na casa do pobre todo son pingueiras”; “Ao can mordido todos os morden”; “Canta máis sede, máis lexos a auga”; “A vaca do pobre todo é miseria”; “Canto máis frío, menos roupa”. En castelán, “a perro flaco, todo son pulgas”; “a nave rota, todo tiempo es contrario”. En alemán, “Je magerer der Hund, je fetter (größer) die Flöhe” (lit.: “canto máis fraco o can, máis gordas as pulgas”). En francés, “Aux chevaux maigres vont les mouches” (lit.: “aos cabalos fracos van as moscas”). En inglés, “The lean dog is all fleas” (lit.: “O can fraco é todo pulgas”); “The thread breaks where it is weakest” (lit.: “o fío rompe por onde é máis feble”). En italiano, “Le mosche corron dietro ai cani magri” (lit.: “as moscas corren tras dos cans fracos”).
96. **Cando a Candelaria chora, metade do inverno vai fóra; e, chore ou deixe de chorar, metade do inverno está por pasar.** ref. A festa da Candelaria (2 de febreiro) sinala que xa pasou a metade do inverno.
97. **Cando cago, tres labores fago: cago, mexo e rasco o penderexo.** ref. # Garrido Palacios (1996) recolle en Fonfría (Lugo) a variante “Cando cago, tres labores fago: cago, mexo e raspo o pelexo”.
98. **Cando chove o domingo antes da misa, toda a semana chove de risa.** ref. Chover miúdo. # Variante segundo ParemioRom: “Se o domingo chove antes da misa, toda a semana de risa” (recollida en Cambados). En portugués, “Chuva à hora da Missa, toda a semana derriça”.
99. **Cando cuca o cuco despois de San Pedro, cava, cavador, e non teñas medo. Cuque ou deixe de cucar, o monte non queda sen queimar.** ref.

- Cando pasa a festividade de San Pedro e o cuco segue a cucar, é sinal de que o verán será bo. # A festividade de San Pedro celébrase o 29 de xuño.
100. **Cando vexas moito chover, sinal de que logo vai raer.** ref. Se chove forte, logo para.
101. **Canto máis se dobrega un, máis se lle ve o cu.** ref. Canto máis cede ou se somete unha persoa a outra, máis a fastidia.
102. **Canto máis se revolve a merda, máis cheira.** ref. O efecto das murmuracións é sempre malo. # O DiGalego contén a variante “canto máis se revolve a merda, máis mal cheira”, ao igual que Ferro Ruibal (1987: 196), quen a clasifica dentro da palabra clave “crítica”.
103. **Cazador e troiteiro, nin boa meda nin bo palleiro.** ref. Dise da persoa que non é boa labrega. # Taboada Chivite (2000: 43, 76) recolle as variantes “O cazador e o troiteiro, nin boa tunlla (= tulla) nin bo palleiro”, “Cazador e troiteiro nin boa vida nin bo palleiro” e “Cazador e trouteiro nin boa aira nin bon palleiro”.
104. **Ceo ovellado, chan mollado.** ref. O ceo nubrado que aparenta a la da ovella agoira chuvia. # ParemioRom contén a variante “Ceo empedrado, chan mollado”.
105. **Cesta patela, arromba máis que leva. Taza patela, parece que leva e non leva.** ref. Nada é o que parece ser. # Unha *cesta patela* é unha cesta de bordo baixo, como a que utilizan as peixeiros para transportar o peixe.
106. **Coa vara que midas serás medido.** ref. O que fagas aos demais tamén cho farán a ti. # Refrán bíblico.
107. **Cristo ganado, Cristo papado.** ref. Non saber aforrar. # Este refrán está recollido en varios compendios de ditos en asturiano, como en Suárez Fernández (1991) e ALA (1997). Neste último, ademais, inclúe un engadido: “Cristo ganado, Cristo papado, Cristo nun chega a medio bocado”. En galego, Álvarez de la Granja (2010: 14) recolleu a variante “Carto *ganado, carto papado”.
108. **De mazá rebola, veña o demo e escolla.** ref. Nunha discusión, non importar ningunha das posturas defendidas por consideralas irrelevantes. # Variantes: “Entre a rapa e a rebola veña o demo e escolla” (Paz Roca, 2003: 6); “A mazá e a rebola, o demo que as escolla” e “Do carballo á rebola, veña o demo e escolla” (Paz Roca, 2007: 269). Segundo Paz Roca, *rebola* é un carballo de pequenas dimensións.
109. **De neno, rei; de mozo, capitán; de casado, burro; e de vello, can.** ref. A xente maior é apartada como se fose un can. # Variantes: “De pequeno, rei; de mozo, capitán; de casado, burro; e, de vello, can” (Taboada Chivite, 2000: 82); “De neno, rei; de mozo, galán; de vello, can” (Taboada Chivite, 2000: 81); “O home ten catro *edades: de neno, rei; de mozo, capitán; de casado, burro e de vello, can” (Taboada Chivite, 2000: 118).
110. **De noite, todos os gatos son pardos.** ref. 1. En ocasións, é difícil distinguir as persoas boas das malas (LCS). 2. Coa escuridade da noite, é fácil disimular os defectos dunha cousa ou persoa. # Segundo o RM-CVC, os equivalentes noutras linguas son: “de noche todos los gatos son pardos”

(español); “de nit tots els gats són negres” (catalán); “a les fosques, tots som iguals” (catalán); “Bei Nacht sind alle Katzen grau” [lit.: “de noite, todos gatos son grises”] (alemán); “u mraku/noći je svaka krava crna” [lit.: “de noite todas as vacas son negras”] (croata); “la nuit, tous les chats sont gris” [lit.: “de noite, todos os gatos son grises”] (francés); “all cats are grey in the dark” [lit.: “todos os gatos son grises na escuridade”] (inglés).

111. **Día de Pascua e domingo lardeiro, cada can no seu palleiro.** ref. Momento no que se pode comer carne tras pasar a Coresma e no que a xente se xunta nas casas.
112. **Día de todo, véspera de nada.** ref. A abundancia non dura. # Sinónimos (RM-CVC): “Non hai voda sen tornavoda”; “gran fartura, véspera de tristura”; “día de pracer, véspera de pesar”. Equivalencias noutras linguas: *días de mucho, visperas de nada* (español); *Heute reich, morgen ein Bettler* [lit.: “hoxe, rico; mañá, mendigo”] (alemán); *Heute Herr, morgen Knecht* [lit.: “hoxe, señor; mañá, servo”] (alemán); *Dia de molt, vespra de no res* [lit.: “día de moito, véspera de nada”] (catalán); *Riche aujourd’hui, pauvre demain* [lit.: “rico hoxe; pobre mañá”] (francés); *Dopo l’abbondanza vien la carestia* [lit.: “despois da abundancia chega a carestía”] (italiano); *Kto w piątek skacze, w niedzielę płacze* [lit.: “quen salta o venres, chora o domingo”] (polaco); *Por um prazer, mil dores* [lit.: “por un pracer, mil dores”] (portugués).
113. **Díxolle a tixola ao cazo: “Arrédate para aló, meu lixugueiro”**⁸. ref. Sendo

dúas persoas da mesma condición, sempre hai unha que se cre mellor. # No RM-CVC atópanse as seguintes variantes: “Díxolle a tixola ao pote: ‘Tírate alá, non me lixes!’”, “Díxolle a tixola ao pote: ‘Vaite de aí, non me lixes!’”, “Díxolle a tixola ao cazo: ‘Vaite de aí, que me lixas!’”, “Díxolle o pote á tixola: ‘Vaite de aí, que me lixas!’” e “Díxolle a tixola ao cazo: ‘Apártate, que manchas!’”. Así mesmo, son sinónimas as UF “Díxolle o burro ao mulo: ‘Tírate alá, orelludo!’”, “Díxolle o peite ao tiñoso: ‘Tírate alá, pioloso!’”, “Díxolle o corvo á pega: ‘Bótate alá, que es negra!’” e “Díxolle o pote ao caldeiro: ‘Arrédate alá, non me lixes!’”. Esta expresión tamén está presente noutras linguas: en español, entre outras variantes, hai *Dijo la sartén al cazo: ‘¡Quítate de ahí, que me tiznas! Ojinegra’*; *Dijo la sartén a la caldera: ‘Quítate allá, culinegra’*; *La sartén le dijo al cazo: ‘¡Apártate, que me tiznas!’*... En catalán, destaca *Deia la cassola al perol: aparta’t, que mascares* (“Dícialle o cazo á perola: ‘Aparta, que me manchas’”) e *L’olla diu a la paella: fes-te enllà, no m’emmascaris* (“A perola dille á paella: vaite para alá, non me manches”). O francés conta coa UF *C’est l’hôpital qui se moque de la charité* (“É o hospital o que se burla da caridade”), mentres que en inglés hai numerosas variantes de *The pot calls the kettle ‘black’* (“A perola dille ao fervedoiro que é negro”). Nunha liña similar, o italiano emprega as

estariamos ante un wellerismo. Isto débese a que os wellerismos teñen un matiz irónico ou satírico, ao contrario que os dialoxismos, que son sentenciosos (Fernández Pampín, 2016: 63).

⁸ Segundo a clasificación de Conde Tarrío (2001),

- expresións *La padella dice al paiuolo: 'Fatti in là che mi tingi'* ("A tixola dille a pota: bota para alá, que me luxas"), *Il bue dice cornuto all'asino* ("O boi dille cornudo ao asno"), *Arrasati, quadara, ca mi tinci* (orixinaria de Sicilia, quere dicir "Arrédate para alá, cazo, que me manchas!"), *'Scostati ché mi sporchi!'*, *disse lo spazzacamino* ("Bota para alá, que me manchas", dixo o desenfeluxador) etc. No caso do portugués, atopamos expresións similares, como *Diz a caldeira à sertã: Tira-te para lá não me enfarrusques* ("Dille a caldeira á tixola: vai para alá, non me ensucies"), mais tamén *O sujo falando do mal lavado* ("O sucio falando do mal lavado") ou *O roto falando do esfarrapado*, ambas orixinarias do Brasil. Por último, en latín dise: *«Ecce quam nigra es!» –sic dicit caccabus ollae* ("Mira que es negra!", díxolle a caldeira á pota").
114. **Domingo de Ramos lavarás os teus panos, que o da *Pasión, ou os lavarás ou non.** ref. Na semana de Paixón sempre chove. # Variante recollida en ParemioRom: "Domingo de Ramos, lava os teus panos, que na *semán de *Pasión, lavarás ou non". A *semana de *Pasión* é a Semana Santa, comprendida entre o Domingo de Ramos e o Domingo de Resurrección, é dicir, a Pascua.
115. **En abril, *aguas mil, e, se chove en abril e en maio, aínda que non chova en todo ano.** ref. A auga de abril é abundante e de grande importancia. # Álvarez Losada e Fernández Pampín (2017: 170) recolleron en Boqueixón a variante "Que chova en abril e maio, aínda que non chova en todo o ano".
116. **En abril, espigas mil; en maio, todo espigado.** ref. Abril e maio son os meses nos que medra o trigo. # Zamora Mosquera (1972: 264) recolle a variante "En marzo, espigas catro; en abril espigas mil i en maio, todo espigado".
117. **En cada casa non debe haber máis mulleres que fornos.** ref. Nunha casa basta cunha muller para así evitar discusións.
118. **En cada sitio hai o seu uso; en cada roca, o seu fuso.** ref. Cada lugar ten os seus costumes. # No *Refraneiro galego* de Taboada Chivite (2000: 70) inclúese a variante "Cada terra seu uso; cada roca seu fuso".
119. **En coser e descoser, o fío e o tempo téñense que perder.** ref. Perder o tempo inutilmente.
120. **En San Xoán, as nove con día dan.** ref. En xuño, os días son moi longos. # Debe terse presente que, en galego, é habitual empregar o termo "San Xoán" como sinónimo do mes de xuño.
121. **Entre marzo e abril sae o cuco do cubil.** ref. Época na que se oe cantar ao cuco. # ParemioRom presenta as variantes "Entre marzo e abril sae o cuco do cubil, que coa neve non *quer vir" e "Entre marzo e abril *sale o cuco do cubil e marcha polo Santiago" (esta última foi recollida na Laracha, A Coruña). Téñase en conta que "Santiago" pode referirse tanto ao 25 de xullo, festa do Apóstolo, como ao mes de xullo. Pola contra, o RM-CVC lista os seguintes resultados: "Entre marzo e abril, se non vén o cuco quere vir a fin", "Entre marzo e abril, ou o cuco ou a fin", "Se non viches o cuco a mediados de abril, ou morreu ou vén a fin", "Entre marzo e abril o cuco ha

de vir”, “Entre marzo e abril sae o cuco do cubil, que (pois) coa neve non quere vir”, “Entre marzo e abril sae o cuco do cubil e entre San Xoán e a sega marcha o cuco para a súa terra” e “Se o oito de abril o cuco non ven, morreu ou non sei que ten”.

122. **En xaneiro, sete capas e un sombreiro.** ref. En xaneiro, vai frío e, ás veces, sol, o cal é negativo. # ParemioRom ten recollida a variante “En xaneiro, sete capelas e un sombreiro”. Curiosamente, o RC contén, en castelán, o refrán “En febrero, siete capas y un sombrero”, un mes despois do aludido no refrán galego.

123. **Fai ben e non mires a quen.** ref. Hai que facer sempre o ben sen agardar unha recompensa. # Variantes recollidas no RM-CVC: “Fai ben anque non saibas a quen”, “Fai ben e non cates a quen”, “Fai ben sen mirar a quen; fai mal e gárdate”, “Fai ben e non mires a quen; fai mal e arrédrate”. Sinónimos: “O facer ben nunca está mal”; “Fai ben: nese instante, a Deus serás (eres) semellante”. Antónimo: “Fai ben, pero mira como e a quen”. Equivalentes noutras linguas: “Haz bien y no mires a quien” (español); “Tu wohl, sieh nicht wem, das ist Gott angenehm” [lit.: “fai ben, non mires a quen; iso comprácelle a Deus”] (alemán); “Fes bé i no facis mal, que altra cosa no cal” [lit.: “fai ben e non fagas mal, pois non cómpre outra cousa”] (catalán); “Fai bene senza pensare a chi” [lit.: “fai o ben sen pensar en quen”] (italiano); “Fai bene e scordati, fai male e pensaci” [lit.: “fai ben e esquécete; fai mal e pensa niso”] (italiano); “Faz o bem sem olhar

a quem” [lit.: “Fai o ben sen mirar a quen”] (portugués).

124. **Fai máis a vella co uso que o novo co fuso.** ref. É máis útil a experiencia das persoas maiores que as ferramentas das novas. # Noriega Varela empregaba a variante “Fai máis a vella co uso, que a nova coa roca i o fuso” (Freixeiro Mato, 1992: 841).

125. **Fai máis quen quere que quen pode.** ref. A importancia da vontade. # Segundo o RM-CVC, son sinónimos *Máis fai o querer que o poder e querer é poder*, mentres que noutras linguas podemos atopar *Fa més el que vol que no el que pot* (catalán); *Wer will ist König* [“O que quere é rei”] (alemán); *Quand on veut on peut* [“cando se quere, pódese”] (francés); *Where there's a will, there's a way* [“Se hai vontade, hai camiño”] (inglés); *Val più la volontà che il potere* [“Vale máis a vontade que o poder”] (italiano); *La volontà fa tutto* [“A vontade éo todo”] (italiano); *Dobra chęć stoi za uczynek* [“A boa vontade fai obra”] (polaco) e *Volenti nihil impossibile* [“Ao que ten vontade nada lle resulta imposible”] (latín).

126. **Home casado, muller é.** ref. O home casado perde o mando. # O RG contén a forma “Home casado nin muller é”.

127. **Home fraco, e non de fame, librate del, que non te agarre.** ref. Dise para cuestionar a forma de vida daquelas persoas que, aínda tendo cartos para comer, están delgadas. # Variante: “Home seco, e non de fame, librate que non te agarre” (Freixeiro Mato, 1992: 831).

128. **Marzo, marzán, pola *mañán cara de rosa e á tarde cara de can.** ref. En marzo, o tempo é variable (PRLOP-N).

- # Variantes atopadas en ParemioRom: “Marso marsán: pola *mañán cara de rosa e á noite cara de can” (Mazaricos, A Coruña); “Marzo marzán, pola mañá cara de risa e pola tarde cara de can”. Rúa Aller (2007) tamén localiza este refrán no Bierzo.
129. **Marzo marzolo, trebón e raiolo.** ref. 1. O tempo de marzo é variable (LCS). 2. Visión popular do mes de marzo, inestable e tormentoso (Alonso Pérez-Ávila e Fernández Pampín, 2008).
130. **Mesa posta, mesa erguida; moito comer fai doer a barriga.** ref. Invitación a ser unha persoa sobria. # A orixe está en que, antigamente, as mesas se erguían contra a parede ou a lacena. Variantes: “Mesa posta, mesa erguida, que o moito comer fai doer a barriga” (DiGalego); “Mesa posta, mesa erguida, que o moito xantar fai doer a barriga” (Campillo Álvarez, 1997: 118).
131. **Mexar sen botar un peido é como a gaita sen tamborileiro.** ref. Hai feitos que non se poden separar. # Variantes: “O mexar *sin botar un peido é como a gaita *sin tamborileiro” (Taboada Chivite, 2000: 119); “Ir a mexar e non botar un peido é como gaita sen tamborileiro” (RG).
132. **Muller casada, nunca asegurada.** ref. O matrimonio non ten por que durar para sempre.
133. **Muller, honrada na casa e puta na cama.** ref. A muller debe ser respectable en sociedade, mais saber dar pracer ao home.
134. **Muller lareteira, ou puta ou meiga.** ref. Mala reputación das mulleres que falan moito ou mal. # Variantes: “Muller laimeira, ou puta ou meiga”, “Muller salameira ou puta ou meiga”, “Muller sularmeira, puta ou meiga”, “Muller larmeira, ou puta ou meiga”, “Muller lerreira, ou puta ou meiga”, “Muller laida, ou puta ou meiga”, “Muller prosmeira, ou puta ou meiga”, “Muller rideira, puta ou meiga”, “Muller rideira, ou puta ou parleira”, “Muller risqueira, ou puta ou parleira”, “Moza rincheira, ou puta ou parleira” e “Muller ventaneira ou puta ou parleira” (Ferro Ruibal, 2011: 86).
135. **Muller lareteira, para quen a queira.** ref. Non convén estar preto de mulleres que falan moito ou mal. # Véxase a UF 134.
136. **Muller que non ten home non ten nome.** ref. Refrán que se usaba antigamente para indicar que as mulleres dependían dun home para todo.
137. **Na terra deste home, o que non traballa non come.** ref. Hai que esforzarse para acadar o que se quere. # Variantes segundo o RM-CVC: “Na terra do meu home, o que non traballa non come”, “Na terra de calquera home, quen non traballa non come”, “Na terra da miña muller, á que non traballa non lle dan de comer”, “Na terra daquel home, o que non traballa non come”, “Na casa daquel home, quen traballa come” e “Na casa do meu home, o que non traballa non come”. Sinónimos: “Estamos nunha terra tan bruta que o que non traballa non manduca” e “O que non traballa non ten migalla”. Equivalencias noutras linguas: “El que no trabaja no come” (español); “Wer nicht arbeitet, der soll auch nicht essen” [lit.: “O que non traballa non merece comer”] (alemán); “Qui no treballa no menja” [lit.: “O que non traballa non come”] (catalán);

“If you don’t work you shan’t eat” [lit.: “Se non traballas, non comes”] (inglés); “Chi non lavora non mangia” [lit.: “Quen non traballa non come”] (italiano); “Quis non laborat, non manducet” [lit.: “Quen non traballa non come”] (latín); “Kto nie pracuje, ten nie je” [lit.: “Quen non traballa non come”] (polaco); “Em casa deste homem, quem não trabalha, não come” [lit.: “En casa deste home, quen non traballa non come”] (portugués).

138. **Na terra dos lobos hai que ouvear como todos.** ref. É mellor non saír da norma establecida. # Pereira Ginet (2005: 197) presenta as seguintes variantes e sinónimos: “A onde queira que fores, fai como vires”, “A onde fores fai como vires”, “Por onde fores, fai como vires”, “Onde fores, fai o que vexas”, “Mira onde vas e, como vexas, fai”, “Na terra onde vivires, fai o que vires”, “Na terra onde vivires fai sempre o que vires”, “No país onde fores, fai o que vires”, “Cada roca, seu fuso; cada terra, seu uso”, “En cada terra, seu uso; en cada casa, o costume que se puxo”, “En terra de lobos, ouvear coma todos”, “Cando pases pola terra dos tortos, pecha un ollo” e “Alá como alá, acá como acá”. Pereira Ginet tamén inclúe diversos equivalentes noutras linguas: en portugués, “Aonde vás, como vires assim farás”, “Na terra onde fores viver, faz como vires fazer”, “Entre judeus, judeu como eles” e “Quando estou em Roma, romano sou”; en español, “allá donde fueres, haz lo que vieres”, “donde estuvieres, haz lo que vieres”, “cuando a Roma fueres, haz como vieres” e “cuando pases por tierra de tuertos, cierra un ojo”;

en francés, “à Rome comme à Rome” e “on doit vivre selon le pays où l’on est”; en italiano, “quando a Roma vai, fa come vedrai” e “quando si è in ballo bisogna ballare”; e en inglés, “Do at/in Rome as the Romans do”, “Do in Rome as Rome does”, “When in Rome, do as the Romans do” e “When you go through the country of one-eyed, be one-eyed”.

139. **Neve na lama, chuvia na cama.** ref. Neve que derrete axiña; chover despois de nevar. # ParemioRom recolle a UF de orixe portuguesa “neve na lama, chuva na cama” e a variante “neve na lama, água demanda”.
140. **No niño do ano pasado non poñen os paxaros este ano.** ref. 1. Deixar de ter unha relación amorosa con alguén (LCS). 2. Refrán que evoca a melaconía do tempo pasado (RM-CVC). # Variantes recollidas no RM-CVC: “Nos niños de antaño non hai paxariños hogano”; “Nos niños do ano pasado non hai este ano paxaros”; “Nos niños do ano pasado non está o paxaro este ano”. Equivalencias noutras linguas: “En los nidos de antaño no hay pájaros hogaño” (español); “En els nius que són d’antany no hi ha moixonets enguany” [lit.: “nos niños que son de antano non hai paxariños hogano”] (catalán); “Iazko kabetan aurtén txoririk ez” [lit.: “nos niños de antano hogano non hai paxaros”] (éuscaro).
141. **Non hai atallo sen traballo.** ref. Para conseguir algo hai que esforzarse. # Variantes de acordo co RM-CVC: “Non hai atallo sen traballo nen arroteo sen recreo”; “Non hai atallo sen arroteo”. Sinónimos: “O que queira peixes que molle o cú”; “O

que algo quere algo lle custa”; “O que quere o mel ten que aguantar as aguilloadas”. Equivalencias noutras linguas: “No hay atajo sin trabajo” (español); “No hay barranco sin atranco” (español); “Quien come la naranja que pase la dentera” (español); “Nul bien sans peine” [lit.: “non hai ben sen pena”] (francés); “No pain, no gain” e “No gain without pain” [lit.: “sen dor non hai ganancia”] (inglés); “Non c’è pane senza pena” [lit.: “non hai pan sen afán”] (italiano); “Palma non sine pulvere” [lit.: “Non hai victoria sen po”] (latín); “Bez pracy nie ma kołaczy” [lit.: “non hai torta sen traballo”] (polaco); “Não há atalho sem trabalho” [lit.: “non hai atallo sen traballo”] (portugués).

142. **Non hai feira mala: o que un perde, ao outro o *gana.** ref. As perdas acaban sendo compensadas. # Variante: “Non hai feira mala; o que un perde, outro gana” (Taboada Chivite, 2000: 111).

143. **Non hai máis cego que o que non quere ver.** ref. O importante é ter vontade. # Variante (RM-CVC): “Non hai peor xordo que o que non quere oír”. Equivalencias noutras linguas: “No hay peor ciego que el que no quiere ver” (español), “No hay peor sordo que el que no quiere oír” (español), “Der ist sehr taub, der nicht hören will” [lit.: “está moi xordo o que non quere oír”] (alemán), “No hi ha pitjor cec que el que no hi vol veure” [lit.: “non hai peor cego que o que non quere ver”] (catalán), “Il n’est pire sourd que celui qui ne veut pas entendre” [lit.: “non hai peor xordo que o que non quere oír”] (francés), “Στου κουφού την πόρτα όσο θέλεις

βρόντα” [lit.: “na porta do xordo peta canto queiras”] (grego), “There’s none so blind as those that will not see” [lit.: “non hai persoa máis cega que a que non quere ver”] (inglés), “Non c’è peggior cieco di chi non vuol vedere” [lit.: “non hai peor cego que o que non quere ver”] (italiano), “Deterior caecus eo nullus qui renuit videre” [lit.: “ningún cego é peor que o que se nega a ver”] (latín), “Głuchy najbardziej ten, który nie chce słyszeć” [lit.: “o máis xordo é o que non quere oír”] (polaco), “Não há pior cego que o que não quer ver” [lit.: “non hai peor cego que o que non quere ver”] (portugués), “Никто так не слеп, как тот, кто не желает видеть” [lit.: “ninguén é tan cego como o que non quere ver”] (ruso) e “Ez dago itsu okerragorik, ikusi nahi ez duena baino” [lit.: “non hai peor cego que o que non quere ver”] (éuscaro).

144. **Non hai mal que por ben non veña.** ref. 1. Mesmo das malas experiencias se pode sacar algo positivo. 2. Despois de algo malo, sempre vén algo bo. # Variantes (RM-CVC): “Non hai mal que por ben non veña: morreume a sogra e pariume a vermella”, “Non hai mal que non veña por ben, mais cata para quen”, “Non hai mal sen ben: cata para quen”, “Non hai mal en que non haxa ben”. Sinónimos: “Cando unha porta se pecha, un cento se abren”, “Se Deus non me quere, o demo me roga”. Equivalencias: “No hay mal que por bien no venga” (español), “No hay daño que no tenga apañón” (español), “Por uno que se pierde, diez aparecen” (español), “Nach düstern Wolken scheint die Sonne am stärksten” [lit.: “tras nubes escuras, o sol brilla máis forte”] (alemán), “No hi ha mal que per

bé no vingui/vinga” (catalán), “D’un gran mal, en surt un gran bé” (catalán), “Svako zlo za neko dobro” [lit.: “cada mal por algún ben”] (croata), “Nema dobra bez zla” [lit.: “non hai ben sen mal”] (croata), “À quelque chose malheur est bon” [lit.: “en todo o malo hai algo bo”] (francés), “Ουδέν κακόν αμιγές καλού” [lit.: “ningún mal sen ben”] (grego), “Every cloud has a silver lining” [lit.: “cada nube ten unha capa de prata (= *lado bo*)”] (inglés), “When one door shuts, another opens” [lit.: “cando pecha unha porta, outra abre”] (inglés), “Non c’è male che per ben non venga” (italiano), “Malum nullum est sine aliquo bono” [lit.: “ningún mal hai sen algún ben”] (latín), “Nullus est liber tam malus, ut non aliqua parte prosit” [lit.: “non hai libro tan malo que non conteña algo de proveito”] (latín), “Há males que vêm por bem” [lit.: “hai males que veñen por ben”] (portugués), “Deus escreve direito por linhas tortas” [lit.: “Deus escribe dereito por renglóns torcidos”] (portugués) e “Нет худа без добра” [lit.: “non hai mal sen ben”] (ruso).

145. **Non hai nubrado que dure un ano.** ref. 1. O anoxo ou a agresividade sempre acaban por desaparecer (LCS). 2. As desgrazas non duran para sempre (RM-CVC). # Variantes (RM-CVC): “Non hai tormenta que moito dure”, “Non hai nubrado que un ano dure”. Sinónimos: “Nunca choveu que non escampase”, “Non hai mal que cen anos dure”, “Non hai ben que dure nin mal que cen anos se ature”, “Non hai ben eterno nin mal duradeiro”, “Non hai cousa que non se acabe máis cedo ou máis tarde”. Equivalencias: “No hay nublado que dure un año” (español),

“En este mundo nada dura: quien hoy tirita, mañana suda” (español), “No hay mal que cien años dure” (español), “Auch das längste Lied hat ein Ende” [lit.: “mesmo a canción máis longa ten un final”] (alemán), “Pluja forta no dura” [lit.: “chuvia forte non dura”] (catalán), “Fortune et vent varient souvent” [lit.: “Fortuna e vento varían a miúdo”] (francés), “Μετά τη μπόρα έρχεται η γαλήνη” [lit.: “despois da tormenta chega a calma”] (grego), “Cloudy mornings may turn to clear evenings” [lit.: “as mañás nubradas poden converterse en seráns despexados”] (inglés), “Buon tempo e mal tempo non dura tutto il tempo” [lit.: “o bo tempo e o mal tempo non duran todo o tempo”] (italiano), “Não há mal que sempre dure, nem bem que não se acabe” [lit.: “non hai mal que sempre dure nin ben que non acabe”] (portugués), “Não há mar bravo que não amanse” [lit.: “non hai mar bravo que non amanse”] (portugués) e “Ekaitz ostean barealdi” [lit.: “despois da tormenta, bonanza”] (éuscaro).

146. **Non hai pega sen mancha negra e a que non ten mancha non é pega.** ref. A perfección non existe. # Variantes (RM-CVC): “Non hai pega sen mancha negra”, “Non hai pega sen mancha negra e a que non a ten non é pega”, “Non hai pego nin pega sen mancha negra”, “Non hai pega sen manchas negras”, “Non hai pega sen penca negra”. Sinónimos: “Non hai bo que non poida ser mellor nin malo que non poida ser peor”, “O mellor pano líxase”. Equivalencias: “No hay mula sin tacha alguna” (español), “Dame pega sin mancha, darte he moza sin tacha” (español), “Kali i kuq e ka një

huq” [lit.: “o cabalo vermello ten un vicio”] (albanés), “No hi ha cavall ni vaca que no tingui alguna taca” [lit.: “non hai cabalo nin vaca que non teñan algunha mancha”] (catalán), “No hi ha meló sense taca” [lit.: “non hai melón sen mancha”] (catalán), “Il n’est cheval qui n’ait sa tare” [lit.: “non hai cabalo que non teña tara”] (francés), “Tout le monde a ses défauts” [lit.: “todo o mundo ten defectos”] (francés), “Οποιος θέλει το γάιδαρο, θα έχει και τα γκαρίσματά του” [lit.: “quen queira o burro, tamén terá que soportar os seus orneos”] (grego), “No rose without a thorn” [lit.: “non hai rosa sen espiñas”] (inglés), “There is no wheat without chaff” [lit.: “non hai fariña sen salvado”] (inglés), “Nessun uomo è senza difetti” [lit.: “non hai home sen defectos”] (italiano), “Não há cavalo sem tacha” [lit.: “non hai cabalo sen tacha”] (portugués), “Não há cavalo que não tropece” [lit.: “non hai cabalo que non tropece”] (portugués), “И на солнце бывают пятна” [lit.: “ata no Sol hai manchas”] (ruso), “Ez itzal gabeko arbolarik, ez baia gabeko gizonik” [lit.: “nin árbore sen sombra nin home sen tacha”] (éuscaro).

147. **Non hai sábado sen sol, domingo sen misa e luns sen preguiza.** ref. Hai feitos e sensacións que sempre se repiten. # ParemioRom ten na súa base de datos a paremia portuguesa *Não há Sábado sem sol, Domingo sem missa, nem Segunda sem preguiza.*

148. **Non sirvas a quen serviu nin pidas a quen pediu.** ref. 1. A persoa que viviu unha experiencia dará o mesmo trato que ela recibiu ás persoas que estean a pasar a mesma situación (LCS). 2. O servidor sabe os trucos de quen

mendigou ou serviu e pode ter desexos de vingarse de humillacións pasadas. # Variantes (RM-CVC): “Non sirvas a quen serviu nin mandes a quen mandou”, “Non sirvas a quen serviu nin roubes a quen roubou”, “Non sirvas a quen serviu nin pidas a quen pediu; pide a quen herdou, que non sabe o que lle costou”. Sinónimo: “Non trates con rico empobrecido nin con pobre enriquecido”. Equivalencias: “Ni pidas a quien pidió, ni sirvas a quien sirvió” (español), “Man soll vermeiden, den, der einmal ein Bettler war, um Almosen zu betteln und den, der früher bedient hat, zu dienen” [lit.: “hai que evitar pedir esmola a quen foi pobre e servir a quen antes serviu de criado”] (alemán), “No demanes a qui amprà ni ampres a qui demanà” [lit.: “non pidas a quen pediu prestado nin pidas prestado a quen pediu”] (catalán), “Ce n’est pas à un vieux singe qu’on apprend à faire des grimaces” [lit.: “non se lle ensina a un vello mono a facer monadas”] (francés), “Non c’è peggior padrone di chi fu servitore” [lit.: “non hai peor amo que o que antes serviu”] (italiano), “Nunca peças a quem pediu, nem sirvas a quem serviu” [lit.: “nunca pidas a quen pediu, nin sirvas a quen serviu”] (portugués) e “Nagusi gaiztoena mutil izana” [lit.: “o peor amo é o que foi criado”] (éuscaro).

149. **O bailar non é todo dar voltas.** ref. As cousas son máis complicadas do que parecen. # Paz Roca (2003: 8) localiza esta mesma UF en Sergude (A Coruña).

150. **O bo amo fai bo criado.** ref. 1. Segundo te traten, así tratarás ti (LCS). 2. Segundo é o dono do casa,

así serán os que están ao seu servizo (RM-CVC). # Variantes segundo o RM-CVC: “Tal amo, tal criado”, “Cal o amo, tal o criado”, “Bo amo, mellor criado”, “Segundo é a ama, así é a criada”. Sinónimos: “Tal manda a criada, tal é a ama”, “De tales pais, tales fillos”, “De tal pau, tal racha”, “De tal xente, tal semente”, “Cal o dono, tal o can”. Antónimo: “De pai santo, fillo diaño”. Equivalencias: “Tal amo, tal criado” (español), “Cual el dueño, tal el perro” (español), “Por los hijos se conocen los padres, y los criados por los amos” (español), “Wie der Herr, so der Knecht” [lit.: “como o señor, o criado”] (alemán), “L’amo fa el mosso i el mosso fa l’amo” [lit.: “o amo fai ao mozo e o mozo fai ao amo”] (catalán), “El bon amo fa el bon mosso” [lit.: “o amo bo fai bo mozo”] (catalán), “Tel maître, tel valet” [lit.: “tal mestre, tal criado”] (francés), “Bon capitaine, bon soldat” [lit.: “bo capitán, bo soldado”] (francés), “Κάθε πράμα το νοικοκύρη του μοιάζει” [lit.: “cada cousa ao seu amo se parece”] (grego), “Like master, like man” [lit.: “tal señor, tal home”] (inglés), “Tal padrone, tal servitore” [lit.: “tal amo, tal criado”] (italiano), “Qualis hera, talis est pedisequae” [lit.: “tal é a ama, así son as criadas”] (latín), “Jaki pan, taki sluga” [lit.: “tal amo, tal criado”] (polaco), “Tal amo, tal criado” (portugués), “Каков поп, таков и приход” [lit.: “tal é o cura, así é a parroquia”] (ruso) e “Nolako nagusi, halako zerbitzari” [lit.: “como o amo é o criado”] (éuscaro).

151. **O cura e o predicador, canto máis lonxe, mellor.** ref. Este refrán emprégase para sinalar a conveniencia de manterse lonxe dunha persoa. # O

cura visitaba a aqueles que ían morrer; de aí, o desexo de telo lonxe. Variantes: “A mentira e o señor, canto máis lonxe, mellor” (Ferro Ruibal e Varela Martínez, 2012: 127); “Sogra, mando e doutor, canto máis lonxe, *millor” (Taboada Chivite, 2000: 157).

152. **O día de San Martiño mata o teu porquiño.** ref. Sinala que novembro é a época da matanza. # Variante: “Polo San Martiño mata o teu porquiño e bebe o teu viño” (DiGalego).
153. **O Entroido, na raxeira, e a Pascua, na lareira.** ref. No Entroido adoita facer bo tempo e na Pascua, malo, polo que hai que situarse xunto á lareira. # Variante: “Entroido, á raxeira; Pascua, á lareira” (ParemioRom).
154. **Onde moitos mexan, lameira fan.** ref. As murmuracións son daniñas.
155. **O palleiro sen palla non se fai.** ref.
1. Se unha persoa está gorda, é porque come en abundancia (LCS). 2. Dise para desmentir a quen está gordo e di ou pensa que come pouco. # Variantes: “O palleiro non se fai sen palla” (Groba Bouza, 16: 427); “Non se fai palleiro sen palla” (RG).
156. **O que dá consellos non dá pan.** ref.
1. Non abonda con aconsellar, tamén hai que axudar (LCS). 2. Os consellos poden axudar, pero, se non se traballa, non se obtén recompensa (Luaces Pardo, 2014: 450). # Prieto Donate (2009: 346) e DiGalego recollen a variante “O que dá consellos non dá diñeiros”.
157. **O que é doito de bailar nunca quieto pode estar.** ref. É difícil cambiar de carácter ou de costumes.
158. **O que non aforra a leña non aforra cousa que teña.** ref. Non saber aforrar. # Variantes recollidas por Taboada

Chivite (2000: 124): “Ó que non aforra auga nin leña, nada lle chega”, “O que non aforra auga nin leña non aforra nada que teña”.

159. **O que non pasa nun ano pasa nun día.** ref. Ás veces, as cousas que tardaron moito en suceder pasan todas xuntas nun curto período de tempo. # O RM-CVC contén a forma *O que non pasa nun ano pasa nun instantiño*, entre outras, como *O que non pasa nun ano pasa nunha hora*. O período de tempo ao que se refire a UF varía en función da lingua: así, o francés alude a un século: *Il advient souvent en un jour; ce qui n'advient en cent ans* (“A miúdo sucede nun día o que non pasou en cen anos”); e, pola súa parte, o italiano opta polo milenio: *Accade in un'ora, quel che non accade in mill'anni* (“Acontece nunha hora o que non pasou en mil anos”). Pola contra, no éuscaro todo acontece en segundos: *Urte guztian gerta etzedina, betirekian* (“O que non pasou nun ano, fíxoo nun abrir e pechar de ollos”).

160. **O que rouba a un ladrón ten cen anos de perdón.** ref. Desculpa a quen cometeu unha mala acción contra unha mala persoa. # De acordo co RM-CVC, é sinónima a expresión “O que te engana unha *ves engánao, se podes, tres”. Equivalencias: “Quien roba a un ladrón tiene cien años de perdón” (español), “No és pecat robar a un lladre” (catalán), “C'est une bonne action de voler le larron” [lit.: “é unha boa acción roubarlle a un ladrón”] (francés), “It's no crime to steal from a thief” [lit.: “roubarlle a un ladrón non é delito”] (inglés), “Chi inganna l'ingannatore non merita pena ma onore” [lit.: “o que engana a un

‘enganador’ non merece castigo, senón honor”] (italiano), “Chi ruba a un buon ladron ha cent'anni di perdón” [lit.: “quen rouba a un ladrón ten cen anos de perdón”] (italiano), “Dolus cum dolo compensatur” [lit.: “engano con engano compensa”] (latín), “Ladrão que rouba a ladrão tem cem anos de perdão” [lit.: “ladrón que lle rouba a un ladrón ten cen anos de perdón”] (portugués).

161. **Os piollos resucitados son todos malos.** ref. Os novos ricos son malas persoas. # Segundo o DRAE, un “piollo resucitado” é unha persoa de orixe humilde “que logra elevarse por malos medios”. No JG, considérase unha expresión propia do lunfardo e preséntase co significado de “novo rico”. Gatica de Montiveros, pola súa parte, incluíu a locución “piollos resucitados” no seu *Diccionario de regionalismos de la provincia de San Luis* (1995), onde definiu a estas persoas como “individuos de baixa extracción social que, en canto melloran, abusan”. Por último, o Collins ofrece como equivalentes en inglés os termos “jumped-up fellow” e “vulgar parvenu”.

162. **O *vrao de San Martiño dura tres días e un bocadiño.** ref. O bo tempo dura pouco. # Sinónimos (ParemioRom): “O *vranciño de san Martiño dura o que un can a pasalo camiño”; “Ven aí o verao do san Martiño, que dura *mientras o can avanta o porteliño” (localizado en Boborás, Ourense).

163. **Pano podre non garda puntadas.** ref. Dise de algo que é inservible.

164. **Para ondas vas, tolo? Para onde van todos⁹.** ref. 1. É mellor non saír

⁹ Segundo a clasificación de Conde Tarrío (2001),

da norma establecida (LCS). 2. Crítica ás persoas carentes de criterio persoal que imitan o comportamento dos demais (RM-CVC). # Variantes (RM-CVC): “¿Onde vas Vicente? – Onde vai a xente”; “¿Onde vas Cremente? – (Vou) onde vai a xente”; “¿Para onde vas Vicente? – Para onde vai a xente”; “Para onde vas Xan Brais? – Para onde van os máis”. Sinónimo: “A cabra é tola: por onde vai unha, van todas”. Equivalencias: “¿Dónde va Vicente? Donde va la gente” (español), “Donde una cabra va, allá quieren ir todas” (español), “Das Schaf folgt der Herde” [lit.: “A ovella segue ao rabaño”] (alemán), “A on vas[,] Vicent? –A on va la gent” (catalán), “One sheep follows another” [lit.: “unha ovella segue a outra”] (inglés), “Monkey see, monkey do” [lit.: “o mono ve, o mono fai”] (inglés), “La gente fa come le pecore: dove va una vanno tutte” [lit.: “A xente fai como as ovelas: onde vai unha van todas”] (italiano), “Dove salta la capra salta la capretta” [lit.: “onde salta a cabra, salta o cabrito”] (italiano), “Idą jak barany za pastuchem” [lit.: “Van como cordeiros tras do pastor”] (polaco), “Maria vai com as outras” [lit.: “María vai coas outras”] (portugués), “Куда стадо, туда и овца” [lit.: “onde vai o rabaño, alí vai a ovella”] (ruso).

165. **Para vello gárdanse todos os traballos, eslónganse os collóns e engúrrase o carallo.** ref. Descrición dos efectos da vellez nos homes.

podería considerarse un dialoxismo ou wellerismo. De acordo con Fernández Pampín (2016: 63), a principal diferenza entre dialoxismo e wellerismo é que o primeiro é sentencioso, mentres que o segundo contén un matiz irónico ou satírico.

166. **Pola Santa Mariña, bóttalle a fouciña.**

ref. A festividade de Santa Mariña sinala o comezo da época da sega. # No documento anónimo de 1925 *Refranero para el mes de julio (por un crítico de la Alcarria)* explicase que é habitual atopar referencias a Santa Marina no refraneiro de xullo en castelán porque a súa festividade se celebra o día 18 dese mes: “Por Santa Marina échale la hocina”, “Por Santa Marina busca en la viña...”, “Por Santa Marina, en la mano, y por Santiago, cebado” (en alusión ao *gabián cazador*) e “Por Santa Marina, boga y sardina”. Deste último, destaca que “como no sea en conserva, y para beber mucho, no parece fácil seguir el consejo del refrán”¹⁰, o que sinalaría que se trata dun refrán propio dunha zona costeira, na que a sardiña é un alimento máis habitual. Neste sentido, o PCCD presenta 14 referencias de 5 variantes en catalán que poden resumirse en “Per Santa Marina, boga i sardina” e o seu antónimo “Per Santa Marina, ni boga ni sardina”.

167. **Por Santa Mariña, deixa o sacho e colle a fouciña.** ref. A festividade de Santa Mariña sinala o comezo da época da sega. # Véxase a UF 166.

168. **Pouco na mesa, pouco no prato e moita sola de zapato.** ref. É importante moverse e facer exercicio.

169. **Quen fai un cesto fai un cento se lle dan vergas e tempo.** ref. A experiencia é moi importante, pero non o é todo. # Variantes (RM-CVC): “Quen fai un cesto fai un cento, se lle dan vimbios e tempo”, “O que fai un cesto fai

¹⁰ Tradución propia: “como non sexa en conserva, e para beber moito, non parece fácil seguir o consello deste refrán”.

un cento, se lle dan varas e tempo”. Equivalencias: “Quien hace un cesto hará ciento, si le dan mimbre(s) y tiempo” (español), “Qui fa un cistell, en fa cent, si li donen vímets i temps” (catalán), “Quem faz um cesto faz um cento, se lhe dão verga e tempo” (portugués).

170. **Que non morran as vacas, que homes hainos a manadas.** ref. Dar máis proveito as vacas que os homes.

171. **Rei morto, rei posto.** ref. Dise cando unha muller queda viúva para indicar que non tardou en atopar substituto.

172. **Ruín feira, corda baleira.** ref. 1. Se un vai á feira mercar un animal, debe levar unha corda; do contrario, terá mala sorte e marchará sen mercar nada (LCS). 2. Recomenda ter en conta a calidade da feira á que se vai mercar (definición derivada de Benavente Jareño e Ferro Ruibal, 96). # Variantes: “A mala feira, corda baleira”, “Máis *val corda baleira do que mala feira”, “Pra ruín feira, corda baleira”, “Pra ruín feira, corda baleira; e pra mala feira, nin corda nin nada”, “*Val máis corda baleira que ruín feira”.

173. **Sácame a marzo, verás como pazo.** ref. No mes de marzo xea moito en Xermade, polo que as vacas case non poden pacer.

174. **Se a cabra se cría na pena, tira para ela.** ref. 1. Se unha persoa naceu na aldea, terá querenza por ela (LCS). 2. Cada persoa obra con regularidade de acordo coa súa orixe ou natureza (RM-CVC). # Variantes segundo o RM-CVC: “A cabra sempre tira ao monte”, “O fillo do lobo tira sempre ao monte”, “A cabra tirou sempre para o monte”. Sinónimos: “O fillo do peixe xa nace nadando”, “Os fillos do ourizo

coas pugas nacen”, “Por ben que se desminta cada cal, sempre volve ao seu natural, ora para ben, ora para mal”, “O que é do monte, ao monte tira”. Equivalencias: “La cabra siempre tira al monte” (español), “La cabra tira al risco” (español), “Genio y figura, hasta la sepultura” (español), “Quien nace lechón muere cochino” (español), “Die Katze lässt das Mäusen nicht” [lit.: “o gato non deixa de cazar ratos”] (alemán), “Cabra avesada a saltar, fa de mal desvesar” [lit.: “cabra habituada a saltar fai mal deshabituarse”] (catalán), “Le renard change de poil, mais non de naturel” [lit.: “A raposa cambia de pelaxe, pero non de natureza”] (francés), “The leopard cannot change his spots” [lit.: “O leopardo non pode cambiar as súas manchas”] (inglés), “La volpe cangia il pelo ma non il vizio” [lit.: “A raposa cambia de pelaxe, pero non de vicio”] (italiano), “A cabra puxa sempre para o monte” (portugués) e “Mendian jaioak mendira nahi” [lit.: “O que nace no monte quere ir ao monte”] (éuscaro). // Véxase a UF 77.

175. **Se hai trato, lévanse ben o can e o gato.** ref. Cando convén, ata os inimigos se levan ben.

176. **Se te roe unha denonciña, chama ao cura e coce axiña. Se te roe un alacrán, chama ao cura e coce pan.** ref. Despois dun enterro, hai que dar de comer á xente asistente á cerimonia.

177. **Sol madrugueiro mete o can detrás do palleiro.** ref. Cando sae moi axiña o sol é sinal de chuvia. # Variante localizada en ParemioRom: “Sol madrugueiro, métese o can no palleiro” (Cospeito, A Coruña).

178. **Tantos días ten febreiro, tantos allos dá o alleiro.** ref. Febreiro é o mes no que se plantan os allos. # Vázquez Saco (2003: 88) recolle a UF “Cantos días ten xaneiro, tantos allos perde o alleiro”.
179. **Traballo feito non corre présa.** ref. Hai que facer as cousas ao seu tempo. *Veremos se así arrancas, que ben sabes que o traballo feito non corre présa* (Negreira Barcia, 2020: 15). # Guerra Otero (2021), quen recompilou ditos de Trasar de Carballo (Carballedo, Lugo), establece “a roupa lavada polo sol agarda” como sinónimo de “o traballo feito xa non corre présa”.
180. **Tras deste tempo, tempo vén.** ref. Todas as cousas requiren o seu tempo. # Con este sentido, atopamos en Atás (Cualedro, Ourense) a UF “O tempo díxolle ao tempo que sen tempo non hai tempo e o tempo con tempo vén”¹¹.
181. **Un cravo saca outro cravo.** ref. Comezar unha nova relación sentimental despois de deixar a que se tiña. # O RM-CVC presenta o sinónimo “Os amores novos fan esquecer os vellos”. Equivalencias: “Un clavo saca outro clavo” (español), “Amores nuevos olvidan viejos” (español), “Einen Nagel schlägt man mit dem anderen aus” [lit.: “Un cravo sácase con outro”] (alemán), “Un clau treu l’altre” [lit.: “un cravo saca o outro”] (catalán), “Un clou chasse l’autre” [lit.: “un cravo saca outro”] (francés), “Amours nouvelles oublient les vieilles” [lit.: “Amores novos esquecen os vellos”] (francés), “One nail drives out another” [lit.: “Un cravo saca outro”] (inglés), “Miłością serce zranione, miłością ma być leczone” [lit.: “O corazón ferido por amor con amor debe ser coidado”] (polaco), “Mal de amores com outros amores se cura” (portugués).
182. **Un día por outro e a casa sen varrer.** ref. Tardanza á hora de facer un traballo. # Variantes (RM-CVC): “Uns polos outros e a casa sen varrer”, “Uns polos outros, a cociña por varrer”, “Un día por outro queda a casa sen varrer”. Sinónimos: “Ola de moitos nunca ben coce”, “Burro de moitos cómeno os lobos”, “Un polo outro e o traballo sen facer”, “Obra do común, obra de ningún”. Equivalencias: “Unos por otros, la casa sin barrer” (español), “Was jeder tun soll, tut keiner” [lit.: “o que deben facer todos non o fai ninguén”] (alemán), “L’un per l’autre, la casa sense escombrar” [lit.: “un polo outro, a casa sen varrer”] (catalán), “Demeurer entre deux selles et le cul par terre” [lit.: “estar entre dúas cadeiras e co cu no chan”] (francés), “Gdzie kucharek sześć, tam nie ma co jeść” [lit.: “onde hai seis cociñeiras non hai nada que comer”] (polaco), “Askok dabilkien baratzia, belar txarrez betea” [lit.: “O xardín gobernado por moitos está cheo de mala herba”] (éuscaro).
183. **Unha hora para morrer e outra para te enterrar nunca che han de faltar.** ref. É mellor non ter présa.
184. **Unha mala *avenza vale máis que un bo preito.** ref. Os preitos sempre resultan mal. # O RM-CVC recolle as formas “máis vale un mal axuste que un bo preito”, “unha mala avinza vale máis que un bo preito”, “máis vale un mal concerto que un bo preito”, “vale máis ruín compostura que bo preito” e “máis vale un bo arranxo que un bo preito”. Ademais, son sinónimos

¹¹ Informante: Agustín Quinteiros Folgoso.

os fraseoloxismos “vale máis a peor
compostura que a mellor demanda”,
“vale máis un arreglo mal feito que

un preito ben gañado” e “máis vale
*avenencia que boa *sentencia”.

3. Conclusións

Como se mencionou na introdución, as 184 UF desta recadádica poden clasificarse en colocacións (4), locucións (57), fórmulas (13) e refráns (110) segundo a clasificación establecida polo proxecto de Fraseoloxía Galega do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Todas elas serven como mostra da riqueza fraseolóxica de Xermade, pois conxugan expresións universais (160. *O que rouba a un ladrón ten cen anos de perdón*) con outras propias do concello (6. *Médico de entre os toxos*; 59. *(ser) (unha persoa) tan festexeira como a cadela de Peleteiro*). Neste sentido, é necesario salientar que Xermade desenvolveu unha fraseoloxía propia, ben creando novas UF, ben dándolles un novo sentido a UF xa existentes. Así, algúns dos fraseoloxismos presentes noutras linguas ou rexións víronse sometidos a procesos de desautomatización, desviación ou variación¹², como ocorre con *Can fraco, todo son pulgas* —en lugar de *A can fraco todo son pulgas*— ou *Burro grande, ande ou non ande; e o pequeno anda de medo* —onde se amplía o refrán cun engadido ao final—. Nestes casos, a primeira definición proporcionada na recadádica é a propia de Xermade, recompilada por Castelo Santaballa, mentres que as acepcións extraídas doutras fontes foron incluídas a continuación, como secundarias.

En canto á relación das expresións aquí recollidas coas doutras linguas, é común atopar equivalencias en numerosos idiomas, especialmente en español ou italiano. Porén, aínda que se trata dun fenómeno moito menos habitual, é necesario destacar que algunhas delas están estreitamente ligadas ao asturiano e ao portugués, ben porque só están presentes nestas linguas, ben porque comparten estrutura ou significado. Así, a UF 169 *Quen fai un cesto fai un cento se lle dan vergas e tempo* ten equivalentes en castelán, catalán e portugués e conta con diversas variantes en galego, mais o feito de presentar o termo “vergas” en lugar de “vimbios”, por exemplo, parecería amosar a influencia da lingua portuguesa: só nesta lingua se emprega a palabra “verga”, mentres que o castelán, o catalán e as expresións en galego recollidas fóra de Xermade falan de “mimbre”, “vímet”, “vara” e “vimbio”. No tocante ao asturiano, salientamos a UF 107 *Cristo gañado, Cristo papado*, xa que só se atoparon referencias a este fraseoloxismo en asturiano e galego.

Máis curiosa aínda é a relación entre unha UF propia de Xermade como é *Os piollos resucitados son todos malos* co lunfardo (Arxentina). De acordo co JG, “piojo resucitado” é unha expresión propia desta xerga riopratense, mentres que Gatica de Montiveros (1995) considera que se trata dun rexionalismo da provincia de San Luis, tamén en Arxentina. En calquera caso, o termo, orixinario desta área¹³, forma parte dunha UF —polo de

¹² Tomamos como referencia as definicións destes termos propostas por Mena Martínez (2003).

¹³ En Chile existe o equivalente “piojo hinchado”, que mantén a base da colocación, pero cambia o colocativo, polo que non estaríamos ante a orixe da expresión recollida por Castelo Santaballa.

agora— só rexistrada en Xermade, o que parece suxerir unha conexión directa entre o concello lugués e o país sudamericano.

En definitiva, con esta recadádica pretendemos amosar un chisco da riqueza fraseolóxica de Xermade, especialmente a de creación propia. Sería interesante que futuras investigacións afondasen nos aspectos que aquí destacamos e ampliasen esta recompilación co obxectivo non só de coñecer a orixe e evolución destas unidades fraseolóxicas, senón, tamén, para garantir a súa subsistencia.

4. Referencias bibliográficas

4.1. Recompiladora

LCS = CASTELO SANTABALLA, Lela.

4.2. Relación de informantes

1. CABALEIRO ARDAO, Manuel.
2. CASTRO PENA, Aquilina.
3. CHAO RAMOS, Marina.
4. FERNÁNDEZ RAMIL, Helena.
5. GÓMEZ PARDO, Marta.
6. GONZÁLEZ BERNARDO, Agustín.
7. PARDO HERMIDA, María Carmen.
8. RAMIL CORRAL, Nieves.
9. SOUTO PRIETO, Carmen.

4.3. Obras

ABUÍN SOTO, Manuel (1971): “El castellano hablado en las Rías Bajas gallegas”, en *Archivum: Revista de la Facultad de Filosofía y Letras*, 21, 171-206.

ALA = Academia de la Llingua Asturiana (1997): “O arco da veyá”, en *Entrambasaugas*, 6; <http://www.academiadelalingua.com/entrambasaugas/pdf/15499737598.El%20arco%20da%20veya.pdf>.

ALG = Atlas Lingüístico Galego (2021): <http://ilg.usc.gal/indices/>.

ALONSO PÉREZ-ÁVILA, Elena e FERNÁNDEZ PAMPÍN, Vanessa (2008): “Creencias populares, supersticiones y fraseología en Galicia”, en SARDELLI, Maria Antonella (Ed.), *Creencias populares, supersticiones y fraseología. Serie Monografías n.º 3*, https://cvc.cervantes.es/lengua/biblioteca_fraseologica/n3_sardelli/alonso_perez_avila.htm.

ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2010): “Trastes vellos, ao faiado. Análise dun subtipo de refráns sen verbo principal”, en *Estudos de Lingüística Galega*, 2; 5-35, <https://doi.org/10.3309/1989-578X-10-1>.

ÁLVAREZ LOSADA, Ramón e FERNÁNDEZ PAMPÍN, Vanessa (2017): “Falares de Boqueixón”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 19, 151-213.

ÁLVAREZ LUGRÍS, Alberto (1997): “Repertorio de refráns inglés-galego”, en *Cadernos de Lingua*, 15, 97-117.

- ANÓNIMO (1925): “Refranero para el mes de julio (por un crítico de la Alcarria)”, en *Revista blanco y negro*: <https://www.racmyp.es/docs/RufinoBlanco/Ref8.pdf>.
- ASOPORCEL = Asociación de Criadores da Raza Porcina Celta (2018): *Manual de boas prácticas de hixiene e profilaxe nas granxas de porco celta*.
- AYÁN, Xurxo (2010): “Chocolates Carmiña”, en *Galicia Confidencial* (06/03/2010).
- BARRIO ALONSO, María Begoña (2004): “Canciones y cuentos”, en PIÑERO RAMÍREZ, Pedro Manuel (coord.), *De la canción de amor medieval a las soleares: profesor Manuel Alvar “in memoriam”*. Sevilla: Universidad de Sevilla.
- BENAVENTE JAREÑO, Pedro e FERRO RUIBAL, Xesús (1994): *Refraneiro galego da vaca*. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro.
- CAMPILLO ÁLVAREZ, José Enrique (1997): *Alimentación, ciencia, tradición y salud: controla tu peso y en alimentarte pon esmero con la ciencia y el refranero*. Madrid: Arán Ediciones.
- CID BABARRO, Anibal (2008): “Serranchíns e serradeiros, un oficio para a lembranza”, en *VII Romaría Etnográfica Raigame*, 2-51.
- COLLINS = *Collins Dictionary: Unabridged Spanish to English and English to Spanish* (2021): <https://www.collinsdictionary.com/es/diccionario/espanol-ingles>.
- CONDE, Alfredo (2017): “Que chova, que falta fai”, en *Atlántico*, <https://www.atlantico.net/opinion/alfredo-conde/chova-falta-fai/20170107022359566416.html>.
- CONDE TARRÍO, Germán (2001): *Diccionario de Refrâns: correspondencias en castelán e francés*. Vigo: Editorial Galaxia.
- CORPAS PASTOR, Gloria (1996): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.
- CONSELLO DA CULTURA GALEGA (2010): “Os idiófonos refregados: o carro”, en *Os instrumentos musicais na tradición galega*, <http://www.consellodacultura.gal/asg/instrumentos/os-idiofonos/o-carro/>.
- COTARELO VALLEDOR, Armando (1984): *Cancioneiro da agulla*. Vigo: Editorial Galaxia.
- DDP = *Diccionario Dialectal Peráleo* [Peraleda de la Mata, Cáceres] (2017): <https://raicesdeperaleda.com/diccionario/listado/idioma/per>.
- DGLA = GARCÍA ARIAS, Xose Lluís (2021): *Diccionario General de la Lengua Asturiana*. Editorial Prensa Asturiana: <https://mas.lne.es/diccionario/>.
- DiGalego (s.d.): <https://digalego.xunta.gal/>.
- DOMÍNGUEZ RIAL, Evaristo (2011): “Fraseoloxía e paremioloxía de Bergantiños (Cabana de Bergantiños, Carballo e Coristanco)”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 13, 301-404.
- DRAE = *Diccionario de la Real Academia Española* (2021): <https://dle.rae.es/>.
- DRAG = *Diccionario da Real Academia Galega* (s.d.). <https://academia.gal/diccionario>.
- DS21 = *Diccionario fraseolóxico Século 21 castelán/galego e de correspondencias galego-castelán* (2007). Editorial Galaxia e Edicións do Cumio.
- FERNÁNDEZ PAMPÍN, Vanessa (2016): *Paremiología toponímica de Galicia en refraneros gallegos y castellano* [tese doutoral]. Universidad Complutense de Madrid.

- FERNÁNDEZ SENRA, Mariló e FERNÁNDEZ SENRA, Xulio (dir.) (1997): *Cancioneiro popular da provincia de Ourense*, vol. 1. Ourense: Deputación de Ourense.
- FERRO RUIBAL, Xesús (1987): *Refraneiro galego básico*. Vigo: Editorial Galaxia.
- (2006): “Locucións e fórmulas comparativas ou elativas galegas”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 8, 179-265.
- (2010): “Dentes e moas na fraseoloxía galega”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 12, 69-126.
- (2011): “Álvaro Cunqueiro e a paremioloxía”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 13, 77-111.
- FERRO RUIBAL, Xesús e VARELA MARTÍNEZ, Xacinta (2012): “Fraseoloxía e paremioloxía galega nos escritos do P. Martín Sarmiento (1695-1772)”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 14, 99-163.
- FOLIÓN DE CARROS (2021): “Carro: o orgullo”, en *Folión de carros – Chantada*, <http://foliondecarros.com/o-folion/carro/>.
- FRANCO GRANDE, Xosé Luís (1982): *Vocabulario galego-castelán*. Vigo: Editorial Galaxia.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (1992): *Antonio Noriega Varela: vida e obra. Edición crítica* [tese doutoral]. Universidade da Coruña.
- GARRIDO PALACIOS, Manuel (1996): “Los 400 refranes recogidos en la aldea de Fonfría (Lugo)”, en *Revista de Folklore*, tomo 16b, 187, 30-36; <http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/los-400-refranes-recogidos-en-la-aldea-de-fonfria-lugo/html/>.
- GATICA DE MONTIVEROS, M.^a Delia (1995): *Diccionario de regionalismos de la provincia de San Luis*. San Luis: Fondo Editorial Sanluiseño.
- GDAS = *Gran diccionario del argot el Sohez* (2000). Barcelona: Larousse.
- GROBA BOUZAS, Fernando (2014): “‘Nas uñas, nas mans ou nos pés, has de salir a quen es’. Así se fala na Chan”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 16, 357-437.
- GUERRA OTERO, Pilar (2021): “Ditos de Trasar de Carballo, lugar do Concello de Carballedo, no sur da provincia de Lugo”, en *OGalego.eu*; https://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/pilar11.html.
- HERMIDA, Xermán (2020): “Chove sobre mollado na ilustración”, en *Cultura galega* (04/05/2020).
- JG = Jergozo: diccionario de jergas hispánicas (s.d.): <https://jergozo.com/>.
- LÓPEZ FERRO, Xosé María (2015): “Locucións, fórmulas e premias no concello das Pontes de García Rodríguez”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 17, 135-178.
- LORENZO FERNÁNDEZ, Xoaquín (1973): *Cantigueiro popular da Limia Baixa*. Vigo: Editorial Galaxia.
- LUACES PARDO, Narciso (2014): “Ditos e refráns recollidos na comarca de Ortegal”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 16, 439-456.
- M-PTB = *Michaelis. Moderno dicionário brasileiro da língua portuguesa* (2015): <https://michaelis.uol.com.br/moderno-portugues/>.
- MACEIRA RODRÍGUEZ, Alfredo (1997): “Algumas frases feitas do galego”, en *Revista Philologus*, vol. 8, 1-15.

- MARTÍNS SEIXO, Ramón Anxo (2021): “A fraseoloxía no *Cantigueiro de Cotobade* de Antonio Fraguas”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 21, 137-212; <https://doi.org/10.52740/cfg.21.21.06.00007>.
- (2016): “*Hai cousas que parecen lousas*. Unha nova achega á fraseoloxía do Cachafeiro (Forcarei)”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 18, 211-247.
- (2000): *Dicionario fraseolóxico galego*. Vigo: A Nosa Terra.
- MENA MARTÍNEZ, Florentina (2003): “En torno al concepto de desautomatización fraseológica: aspectos básicos”, en *Tonos digital*, 5; <https://www.um.es/tonosdigital/znum5/estudios/H-Edesautomatizacion.htm>.
- MONTERO, Emilio (1981): “El eufemismo en Galicia (Su comparación con otras áreas romances)”, en *Verba: Anuario Galego de Filoloxía*, Anexo 17. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- MORÁN FRAGA, César C. (2008): “Regreso a *O porco de pé*”, en *Boletín galego de literatura*, 39-40, 211-238.
- NEGREIRA BARCIA, Cristina (2020): *As aldeas non deben apagarse*. [1.º premio do VI Concurso literario *Mazarelos*]. Universidade de Santiago de Compostela.
- OTERO PEDRAYO, Ramón (1928/1990): *Os camiños da vida*. Vigo: Editorial Galaxia.
- ParemioRom = GARGALLO GIL, José Enrique (Dir.) (2011-2014): *Paremiología romance: refranes meteorológicos y territorio*. <https://stel.ub.edu/paremio-rom/es>.
- PAZ ROCA, M.^a Carmen (2003): “Aportazón ao refraneiro: colección de refráns recollidos da tradición oral por Lois Carré (1898-1965)”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 4, 1-13.
- (2007): “Aínda novos manuscritos paremiolóxicos de Vázquez Saco”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 9, 247-293.
- PCCD = PÀMIES I RIUDOR, Víctor (2021): *Paremiologia Catalana Comparada Digital*. <https://pccd.dites.cat/>.
- PdP = Portal das Palabras (s.d.): <https://portaldaspalabras.gal/dicionario/>.
- PENA ROMAY, Xosé Antonio (2021a): “‘Choverlle’ ou ‘choverlle na cabeza’, equivalentes, entre bastantes outras, á castelá ‘faltarle un tornillo’”, en *Galicia Confidencial* (17/01/2021).
- (2021b): “‘Cortar a castaña’. ‘poñerlles o rabo ás cereixas’ ou ‘marcar os días santos’, equivalentes a ‘tallar # cortar # partir o bacallau’”, en *Galicia Confidencial* (09/05/2021).
- PENSADO TOMÉ, José Luis (1958): “Un vocabulario gallego del siglo XIX”, en *Homenaje a Ramón Otero Pedrayo*. Vigo: Editorial Galaxia; 175-186.
- PEREIRA GINET, Tomás (2005): “Fiando paremias (I): glosario paremiolóxico multilingüe galego, portugués, castelán, francés, italiano e inglés”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 7, 191-223.
- PÉREZ, Mariña (2012): “O falso nove en linguaxe tabernaria”, en *Galicia Confidencial* (07/11/2012).
- PRIBERAM = *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa* (2021): <https://dicionario.priberam.org>.
- PRIETO DONATE, Estefanía (2009): “Refraneiro escolar galego do cambio de milenio”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 11, 305-369.

- PRLOP-N = Proxecto de recollida, difusión e reelaboración da literatura oral popular no Concello de Narón (2013). Narón: Concello de Narón.
- RC = *Refranero Castellano* (s.d.): <https://www.refranerocastellano.com/index.html>.
- RG = MERA RICO, Pilar (s.d.): *Refraneiro galego*; <http://refraneirogalego.com/>.
- RM-CVC = *Refranero multilingüe. Centro Virtual Cervantes* (2021): <https://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/Busqueda.aspx>.
- RÚA ALLER, Francisco Javier (2007): “El mes de marzo en el folklore meteorológico leonés”, en *Revista de Folklore*, Tomo 27a, n.º 315, 86-92.
- RUBINOS CONDE, Miguel (2013): “Da roda para a piola: refráns e frases do sur de Galicia”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 15, 487-502.
- SANTOS NEVES, Guilherme (2016): “Frases-feitas”, en *Estação Capixaba*, <http://www.estacaocapixaba.com.br/2016/01/frases-feitas.html>.
- SUÁREZ FERNÁNDEZ, Xosé Miguel (1991): *Vocabulariu de Mántaras (Tapias) y dalgunos refranes o ditames*. Oviedo: Academia de la Llingua Asturiana.
- TABOADA CHIVITE, Xesús (2000): *Refraneiro galego (Cadernos de Fraseoloxía Galega, 2)*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- TB = TuBabel: Diccionario social de regionalismos latinos (2007): <https://www.tubabel.com/>.
- TFG = *Tesouro de Fraseoloxía Galega*. Proxecto de Fraseoloxía Galega. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- VÁZQUEZ SACO, Francisco (2003): *Cadernos de Fraseoloxía Galega 5: Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- VEIGA DÍAZ, Maite (1996): “Pequena contribución á fraseoloxía galega”, en *Cadernos da lingua*, 14, 85-100.
- VENTOSO MARÍÑO, Xosé Antonio e FERNÁNDEZ, Xoán (2007): “Un grego xenial”, en *A cor dos soños: III Encontro de creadores no Barbanza*. Boiro: Barbantia, 116-123.
- VILLAR AIRA, Sara (2021): “A fraseoloxía de Tabeirós a través da obra *Contiños da Terra* (1931) de Manuel García Barros”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 20, 223-280.
- ZAMORA MOSQUERA, Federico (1972): *Refráns e ditos populares galegos*. Vigo: Editorial Galaxia.

